

ARQUEOLOXIA MEDIEVAL EN GALICIA: UNHA APROXIMACION

por

Francisco Fariña Busto
José Suarez Otero

Na arqueoloxía medieval de Galicia hai un enorme baleiro no que sobresaen algúns fitos referenciais, cun polo de atracción de primeira magnitude: *Santiago de Compostela*, como xacemento, cidade e culto relixioso cristián. Xa que logo, a situación da arqueoloxía medieval galega apenas ten variacións respecto da sucinta valoración acometida hai dez anos¹ na que se resaltaba que a panorámica é máis unha definición de obxectivos, lagoas e boas intencións que síntese do coñecemento, situación que se evidencia tamén, naquelas mesmas datas, nas escasas referencias a Galicia no apéndice de M. Riú ó Manual de M. de Bouard². Emporiso, e a pesares dos fulgores repentinos motivados en descubertas, as máis das veces tinxidos do escándalo nos xornais ou do veraniego interés pola arqueoloxía³, coidamos que algúns traballos recentes animan ó optimismo e nesa liña queremos contribuir con esta panorámica xeral, como punto do estado da cuestión e de reflexión, ó inicio de novos traballos.

¹ AA.VV., Prehistoria e arqueoloxía de Galicia. Estado da cuestión. Lugo, 1977. Lugo, Sección de arqueoloxía e prehistoria do I.P.S.E.G. 1979, esp. 101 ss.

² MICHEL DE BOUARD, Manual de arqueología medieval. De la prospección a la historia, con un apéndice sobre Arqueología medieval en España por MANUEL RIÚ. Barcelona, 1977. As referencias a Galicia cinguense a un epigrafe «necropolis suélicas» (422), unha cita de Castela no tema das cruces de término onde se descoñece a obra de X. Ferro Couselo, Los petroglifos de término y las insculturas rupestres de Galicia. Ourense, 1952; e as citas de Villaamil e Castro ó tratar do mobiliario litúrxico amais de destacar, como corresponde en xusticia, a obra de A. LOPES FERREIRO.

³ Foi o caso do achado das pezas do Coro do Mestre Mateo reutilizadas nas escadas do Obradoiro como sillares no ano 1982 ou o recente con motivo do inicio dunhas obras na rúa da Azabachería, que deu paso a unha intervención de salvamento. Cfr. La voz de Galicia julio-agosto 1987.

HISTÓRIA DA INVESTIGACIÓN

As primeiras informacións documentais e de búsqueda da sistemática vencellanse dende o primeiro momento a Santiago de Compostela e ó culto de Xacobe en Galicia. Así aparece a obra de Mauro Castellá Ferrer⁴ e volverá a suceder xa no século XVIII cos estudos de Fr. Martín Sarmiento, anque neste caso haxa tamén outros puntos de referencia como os sartegos⁵. Tamén Santiago é o eixo da obra de Fr. Bernardo Foyo⁶, como volverá a selo, cen anos despois, da man do grande investigador e primeiro sistematizador da arqueoloxía medieval galega don Antonio Lopez Ferreiro⁷. Ní encontramos o primeiro e sistemático excavador tanto da *Catedral de Santiago* como en *Iria Flavia* e noutras prospeccións vencellables, dun xeito ou doutro, ca propia tradición que trata de afirmar sen posible contestación a identificación dos restos de Santiago o Maior descubertos na basílica compostelana⁸.

Os seus anos de traballo fructífero nos finais do século XIX apenas terán continuación se exceptuamos as publicacións e estudos de Angel del Castillo Lopez, con múltiples e interesantes informacións, pero que non son resultado dunha investigación arqueolóxica propiamente dita⁹. Pola contra abundan as noticias, moitas sen confirmación nin contraste, de descubertas casuais que só

⁴ Historia del Apostol de Iesus Christo, Patrón y Capitán General de las Españas. Madrid, 1610, onde hai interesantes datos sobre Santiago, Padrón e moitos outros xacementos galegos de moi distinto carácter e cronoloxía.

⁵ Fr. MARTÍN SARMIENTO, Viaje a Galicia, 1745. Tex., ed. y notas de J.L. PENSADO TOMÉ. Pontevedra, 1975. Na obra inédita de Sarmiento hai ademais múltiples noticias de grande interés sobre as que preparaba un importante traballo Alfredo García Alén cando a morte nolo levou. Sobre os traballos de Sarmiento cfr. J.L. PENSADO TOMÉ, SARMIENTO, Fr. Martín, S. V. *Gran Rencido pedra Gallega*, 28, 82 ss. Tamén J. FILGUEIRA VALVERDE, *Idea y sistema de la historia en Frey Martin Sarmiento*. Discurso de ingreso en la Real Academia de la Historia, 1981.

⁶ Fr. BERNARDO FOYO, Discurso sobre el altar y araprimtiva erigida sobre el sagrado cuerpo del Apostol Santiago el Maior, que se venera en Compostela, 1783. Ed. y notas de J. GUERRA CAMPOS en *Compostellanum* I, 4 (1956) 350-362; II, 2 (1957) 236-282 e III, 2 (1958) 119-124.

⁷ Podese ver unha semblanza bibliográfica en F. ACUÑA CASTROVIEJO «A arqueoloxia na obra de López Ferreiro» CEGAL XXXII, 96-97 (1981), 57-80. Tamén se pode ver A. MAGARIÑOS «Biografía e bibliografía de Antón López Ferreiro» Encrucillada III, (1978), 227-240.

⁸ No tocante a arqueoloxía medieval compre destacar Lecciones de Arqueología Sagrada, Santiago, 1889; Santa Maria de Trasmonte, El Porvenir, 1889, e o libro primeiro da Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago de Compostela, Santiago, 1898.

⁹ Dende as suas primeiras colaboracións na prensa ou nas revistas especializadas xa en 1906, destacando como visións de conxunto: La arquitectura cristiana en Galicia, Lugo, 1906. Riqueza monumental y artística de Galicia, La Coruña, 1921. Sobre a súa obra e bibliografía podese ver a introducción e bibliografía de J. FILGUEIRA VALVERDE en A. DEL CASTILLO LOPEZ, Inventario de la riqueza monumental y artística de Galicia, Santiago, 1972. Dentro das series de artigos, no que afecta a Edade Media son as tituladas «Iglesias gallegas» e «fortalezas gallegas».

en casos excepcionais son seguidas de exploracións arqueolóxicas, aunque de non moito rigor, como foi o caso de algúns sartegos de *Castroverde*¹⁰. Debemos agardar ata 1946 para que prosiga o labor arqueolóxico sistemático, aunque nas restauracións efectuadas nalgúns monumentos como *Santa Comba de Bande* realizáronse exploracións complementarias que serviron para revelar datos sobor da súa estrutura orixinaria, pero tratábase máis de excepcións que de feitos normais, situación que aínda ocorre actualmente en moitos casos¹¹.

No ano 1946 decídese o traslado e retirada do coro renacentista existente nos primeiros tramos na nave central da basílica compostelana, traballos que permitiran algunhas descubertas que estimulan o inicio de excavacións sistemáticas da Catedral e o seu entorno; traballos acometidos dun xeito discontinuo ó longo de catro campañas; na primeira, dirixida como as seguintes por don Manuel Chamoso Lamas con varios colaboradores, excavouse a nave na zona do coro e do altar maior (1946-50); na segunda, o brazo norde do cruceiro (1953); na terceira, a xirola e mailas naves do brazo sur do cruceiro (1955); na cuarta, a nave principal do templo románico, dende o coro ata a chamada «Catedral Vella», obra do século XII alicerce do Pórtico da Gloria (1957-59). Amáis destas campañas realizáronse outras con posterioridade que abranguen á Corticela (1961) e a Quintana, tanto por baixo das escaleiras como frente da Torre do Reloj (1964), das que non se publicaron relatorios¹².

¹⁰ Cfr. MIGUEL G. TREIJEIRO, *Sartegos de la comarca de Castroverde de Lugo*. Migajas histórico-arqueológicas. Lugo, 1920.

¹¹ M. GOMEZ MORENO «Exploraciones en Santa Comba de Bande», BCPMHAOR. 14 (1943-44), 47-51. Sobor deste monumento interesa tamén recollendo a bibliografía anterior do meirande interés L. CABALLERO ZOREDA, *La iglesia y el monasterio visigótico de Santa Maria de Melque (Toledo)*. Arqueología y arquitectura. San Pedro de la Mata (Toledo) y Santa Comba de Bande (Orense). Madrid. E.A.E. 109. Madrid, 1980.

¹² As referencias a Santiago como xacemento corresponden a zonas distintas dentro da área urbana, aunque o esforzo investigador centrase no ameto da Catedral e o seu entorno inmediato. Podese consultar A. LOPEZ FERREIRO, *Historia de la S.A.M. Iglesia de Santiago de Compostela*. I. Santiago, 1898. M. CHAMOSO LAMAS, «Excavaciones arqueológicas en la Catedral de Santiago. 1945-1950», COMPOSTELLANUM, I, 2 (1956), 5-48.; «Excavaciones arqueológicas en la Catedral de Santiago (segunda fase)», COMPOSTELLANUM, I, 4 (1956), 275-328; «Excavaciones en la Catedral de Santiago (tercera fase)», COMPOSTELLANUM, II, 4 (1957), 225-330. E unha obra imprescindible J. GUERRA CAMPOS «excavaciones en la Catedral de Santiago», *La Ciencia Tomista*, 273-274 (1960), 97-168 e 269-324. Do mesmo autor a síntese máis lograda dos traballos realizados, *Exploraciones arqueológicas en torno al Sepulcro del Apóstol Santiago*. Santiago, 1982, pero se bota de menos unha descripción detallada dos materiais medievais atopados, na que, ó parecer e segundo noticias directas a ún de nós, traballada don Manuel Chamoso cando faleceu.

Resulta tamén de interés para o tema da catedral, aunque non especificamente do mundo medieval I. MILLAN GONZALEZ-PARDO, «El mosaico del pavimento superior del edículo de Santiago y su motivo floral. Aportaciones al estudio de la tradición jacobea». I., COMPOSTELLANUM, XXVIII (1983), 3-4, 173-371.

Recentemente apareceu o traballo de Fernando LOPEZ ALSINA, *La ciudad de Santiago de Compostela en la Alta Edad Media*. Santiago, 1988, con interesantes aportacións sobre a

Pero cos descubrimentos realizados na Catedral compostelana outros xacementos ata entón pouco apreciados cobraron novo interés. É o caso da necrópole aparecida en *Santa Olaia de Tíns* onde en 1951 excavou o propio Chamoso Lamas unha necrópolis semellante à compostelà, ou a reinterpretación dos resultados dos traballos efectuados algúns anos antes (1948) no *Forno da Santa*, en Armeà, *Santa Mariña de Augas Santas*¹³. Estas exploracións animaron novos traballos, practicamente todos da màn ou ca participación de

localización e forma dos monumentos e do desenvolvemento da cidade, das súas defensas e da súa propia articulación urbana.

Do conxunto dos traballos realizados deducece a existencia dun conxunto de edificios de época romana (séc. I) e unha necrópolis da mesma época, pero con desenvolvemento máis amplo, artellada en torno a un monumento sepulcral. Unha segunda necrópolis, de época hispano-sueva, continua o proceso con tumbas feitas con muretes, laxes de cantos e, sobre todo, un importante conxunto de sartego exentos con laude lisa ou decorada. Duas construcións importantes, as basílicas de Alfonso II e de Alfonso III, relacionadas pola súa banda con outra necrópolis, as destrucións de época de Almanzor e a construción da fàbrica romànica do XII. Con independencia da valoración da necrópolis e construcións romanas cabe sinalar o volumen de enterramentos medievais descubertos, a seriación tipolóxica dos enterramentos e a posibilidade de contar con materiais referidos a uns niveis de cronoloxía precisa: construción da basílica de Alfonso II, derribo desta a fins do século IX, construción da basílica de Alfonso III (899), destrución de Almanzor (997), reconstrución de San Pedro de Mezonzo, construción da eirexa romànica actual e destrución da basílica de Alfonso III (1112). As excavacións permitiron tamén coñecer algunhas obras de fortificación de época de Sisnado e Cresconio — torre, muralla e foso (¿).

Dos resultados das excavacións na Quintana, onde hai referencias a varios edificios paxegos é magoa non ter información.

¹³ Os traballos en Tíns, resultado dunha descuberta casual do ano 1950 e as excavacións do ano seguinte, permitiron recoñecer un aréa cimerial de grandes sarcófagos con tapa decorada, asentada sobre unha rica e ampla construción romana na que se recoñeceu un hypocaustum. Tamén se localizou unha interesante estela funeraria de época romana, que Díaz e Díaz considera un dos testemuños iniciais do cristianismo en Galicia. Amàis dos sartegos hai tumbas feitas con laxes graníticas e outras con material constructivo romano reaproveitado. As laudes presentan motivos decorativos moi variados que Chamoso xuzga como «de insospechado alcance simbólico». Como bibliografía bàsica ver M. CHAMOSO LAMAS, *Sobre las necrópolis paleocristianas ultimamente descubiertas en Galicia*, en A.E.M. Barcelona, I (1965), 433-450; IDEM, «Sarcófagos y laudes de época suévia en Galicia», BRACARA AUGUSTA, XI-XII (1960-61), 137-161.; IDEM, «Nuevas noticias sobre necrópolis paleocristianas y germànicas de Galicia», COMPOSTELLANUM, XVII (1971), 201-212.; IDEM, «Excavaciones en Santa Eulalia de Tines», CEGAL, XXII (1967).

Tocante a Santa Mariña de Augas Santas debe señalarse que se trata do monumento coñecido como BASÍLICA DA ASUNCION o lugar das excavacións do ano 1948, que se encontra inmediato ó importante xamiento castrexo, moi romanizado, de Cidà de Armea e que na súa orixe se trata dun dos chamados monumentos con forno da cultura castrexa, que no século XIII se convertiu na cripta. No interior desta, pero fora do forno localizaronse unha mancha de tampas sepulcrais reutilizadas como solado e, neste, no que era tanque de auga un conxunto de xarriñas ceràmicas de tipo vótico. Parte destas pezas restauraronse no ICROA de Madrid, outras — cento cincuenta — conservase na casa parroquial do lugar e dúas máis figuran nos fondos do Museo de Ourense. X. LORENZO FERNANDEZ, «El monumento funerario de Augas Santas y los ritos funerarios de los castros», CEGAL, III, 1948, 157-211; M. CHAMOSO LAMAS, «Santa Mariña de Augas Santas», CEGAL, X, 1955, 41-88.

Chamoso Lamas, quen centralizara na práctica os traballos desas décadas ata os anos setenta. Así as excavacións de *Torres do Oeste* (Catoira), *San Tirso de Oseiros* (Coruña), *San Martín de Mondoñedo* e *Iria Flavia* acometidas nos anos seguintes¹⁴.

Paralelamente ós traballos de Chamoso Lamas, outros investigadores abrían novos frentes; no *Castelo de Ribadavia* Xaquín Lorenzo e M. R. García Álvarez exploraban unha necrópolis aberta na rocha¹⁵ e J. M^a Luengo o

¹⁴ Sobre San Tirso de Oseiros, M. CHAMOSO LAMAS, «Noticia arqueologica de los alrededores d la Coruña», en REVISTA del Instituto Jose Carnide de Estudios Coruñeses, II, 1966, 95-103, esp. 98 ss.

As Torres de Oeste constituen unha das fortalezas máis importantes das que se levantaron para defensa da Terra de Santiago cando dos ataques piráticos de sarracenos e normandos, pero que soio terá na época de Xelmirez as características dunha fortaleza estruturada. Dos primeiros traballos efectuados no xacemento apenas podemos sinalar máis que afectaron a caseque todo o recinto, na torre de entrada e nas que forman a núcleo forte, destacando unha especialmente que Chamoso chamou «romana». Dos materiais recolleitos apenas se fai mención anque presentan unha certa riqueza decorativa e formal, correspondendo fundamentalmente a cerámicas grises. M. CHAMOSO LAMAS, «Excavaciones en Torres de Oeste», CEGAL, VI (1951); IDEM «Algunas muestras constructivas del primer románico en el Norte Peninsular», CEGAL, XXXIV (1969), 49-55.; F. FARIÑA BUSTO, «Contribución ao estudo da cerámica medieval en Galicia», CEGAL, XXIX, (1974-75), 51-64.

San Martín de Mondoñedo é un xacemento situado no entorno dunha das primeiras eirexas románicas galegas que reaproveita materiais de construcións máis antigas, materiais que deron as pistas para os primeiros traballos arqueolóxicos. Das excavacións o máis destacado é a localización dunha serie de tampas de estola e seis tumbas, unha de ladrillos e as outras de laxes moi coidadas con forma antropoide lograda na cabeceira con laxes e ladrillos laterais. Tamén se descubriron os alicerces de «importantes edificaciónes con orientación distinta de la iglesia actual y que penetran bajo ella, incluso bajo la sacristía que se tiene por construida en el siglo X». O material lo integran «fragmentos de terra sigillata, ladrillos, imbrices y tegulas» así como fragmentos dun sartego granítico e parte dunha laude decorada e con inscrición. Por todo esto o autor dos traballos identifica o lugar c Monasterio Maximi, sede dun dos obispos britones que asisten ó Concilio de Lugo. Cfr. M. CHAMOSO LAMAS, «Las primitivas diócesis de Britonia y de San Martín de Mondoñedo a la luz de recientes descubrimientos», BRACARA AUGUSTA, XXI (1967), 356-360, e outros traballos do mesmo autor sobre necropolís.

En IRIA FLAVIA proseguíu M. CHAMOSO os traballos de Lopez Ferreiro, en dúas xceiras de traballos, das que a primeira permitiulle localizar no interior da eirexa varios niveis que corresponden a dous niveis de ocupación distinto dos actuais, un deles claramente romano, así como localizar no exterior lateral da mesma unha necropolis de sartegos con tampa de estola. M. CHAMOSO LAMAS, «Noticia sobre la importancia arqueologica de Iria Flavia (Pádrón, La Coruña) AEArc. (1972-74), 45-57, 125-137. Nunha segunda e máis recente etapa Chamoso explorou a adro da eirexa, descubriendo novas facianas da necropolis de sartegos, os alicerces dun gran edificio con material romano reaproveitando e outras estruturas, dos que non chegou a publicar os resultados, anque nos últimos tempos J. CARROTERO traballou con él no estudo da necropolis, agardando a publicación destes datos.

¹⁵ M. CHAMOSO LAMAS «Descubrimiento de una necropolis medieval en el castillo de Ribadavia», CEGAL VIII (1953), 439-440. Hai notas e croquis dos traballos realizados por Lorenzo e García Álvarez no arquivo do Museo de Ourense. Tamén é de interés sobre o monumento A. DEL CASTILLO LÓPEZ «El castillo de los condes de Ribadavia», BRAG, IV, 55.

No interior do pazo dos Condes, que conserva restos de fábrica dos séculos XIII-XV e un interesante alxibe e condución de augas, descubriron se restos de unha necropolis de inhumación

*Castelo de Aranga*¹⁶, Alonso del Real, excavaba en *San Vicente de Castellóns*¹⁷ e algúns anos despois Lorenzo e Taboada exploraban a necrópolis de *Castrelo do Val*¹⁸ e mailo interior da eirexa prerrománica de *Santa María da Mixós*¹⁹.

Xa nos finais da década dos sesenta, Chamoso Lamas excava a necrópolis medieval e villa romana de *San Xián de Moraime*²⁰, explora os restos de

formada por tumbas de forma trapezoidal e antropomorfas abertas directamente na rocha, así como dous grandes sartegos apoiados sobre soportes de columnas pareadas de feitiño románico, un deles parcialmente embebido na fábrica dunha das murallas interiores que ten arcos apuntados. A súa existencia vencellase ca existencia de unha eirexa, a de san Xés, que nalgúns documentos se considera que é dos primeiros pobladores da vila. Cfr. sobre este tema a obra citada ó falar de Francelos.

¹⁶J. M. LUENGO MARTINEZ «Exploraciones en el castillo de Aranga», CEGAL, XXIII, (1968), 21-36. Na documentación hai citas do castelo nos séculos X-XI. O castelo aproveita un bolo granítico como base, abundando o material, fundamentalmente cerámica, pero tamén algúns obxectos de ferro nas grietas entre as rochas.

¹⁷M. CHAMOSO LAMAS, «Sobre hallazgos arqueológicos en Castellones», BCPMLugo VI, 213-215.; M. VAZQUEZ SEIJAS, «Sartegos», BCPMLugo, VII. O xacemento, moi importante como estación galaicorromana ten continuidade na época medieval a xurgar polos enterramentos encontrados nos que existen unhas das escasas estelas discoideas do NW. da Península, con cruces gravadas no disco.

¹⁸X. TABOADA CHIVITE e X. LORENZO FERNANDEZ, «Excavaciones arqueológicas en el Castro de Cabanca (Castrelo do Val)», Not. Arq. Hisp. VI (1962). Madrid, 1964, 129-134. Exploración parcial dunha necropolis chamada do Campo de San Martiño, onde a carón de sartegos con laude de estola e oco interior antropomorfo aparecen enterramentos de laxes facendo caixas rectangulares.

¹⁹X. LORENZO FERNANDEZ, «La iglesia prerrománica de Mixós», BAur. II, 1972, 75-110, coa bibliografía anterior, LORENZO FERNANDEZ e TABOADA CHIVITE, Memoria de las excavaciones efectuadas en Santa María de Mixós. Agosto-septiembre, 1960. Os resultados dos traballos efectuados neste templo datado a finais do século X e reformado en datas posteriores permitiu averiguar a existencia de pilares marcando tres naves e un pequeno recinto ós pés de eirexa. Apenas se recuperou material, anque entre este compre resaltar a existencia de dúas aras romanas no lugar, unha delas como base de altar.

²⁰M. CHAMOSO LAMAS, «Excavaciones arqueológicas en San Julian de Moraime (mugia, La Coruña)», Not. Arq. Hisp. Arqueología 4. Madrid, 1976, 337-350.; J. CARRO OTERO, «Tres esqueletos de la necropolis galaico-visigótica de San Xiao de Moraime (Muxia, La Coruña)», CEGAL, 101XXXVI (1988), 7-53.

En marzo de 1972 un achado casual favoreceu a excavación dunha extensa necropolis superposta a unha villa romana con diversos muros, un hypocausto e unha fonte monumental. Amáis destes restos localizaronse outros muros de técnica constructiva distinta que se considera poden pertencer ó antigo mosteiro altomedieval existente no lugar. As tumbas son de planta ovoide e construídas con muretes de mampostería e segundo o autor «acusaba una época germánica bien manifiesta en los tipos cerámicos tan característicos de los yacimientos ya estudiados en Galicia de época suevica» (Chamoso, 338). Documentase tamén un broche visigótico e unha cruz con ástil, que no seu estudo Carro considera da mesma época e atribue unha cronoloxía entre os séculos V e VIII a necropolis. Tamén resulta de interese sinalar a presenza de numerosos fragmentos de vidros planos, engrosados no reborde, circulares e que Chamoso chama «platos planos» estimando unha finalidade litúrxica.

varias construcións e necrópolis de *Santa María de Bretoña*²¹ e a gran necrópolis de *San Bartolomé de Rebordáns*, Tui²², para seguir logo con novas exploracións no adro de *Santa María de Iria* e escomenzar en *San Guillermo de Fisterra*²³.

Coincidindo con esta renovación da actividade de Chamoso Lamas prodúcese a incorporación do Prof. Alberto Balil à cátedra de arqueoloxía de Santiago, baleira dende a xeira do Prof. Pericot nos anos vinte e unha renovación nas prácticas de arqueoloxía de campo, que alcanza tamén ó mundo medieval pois Balil dirixe tres campañas en *Torres do Oeste* (Catoira)²⁴. Pouco

²¹ M. CHAMOSO LAMAS, «Avance informativo sobre las excavaciones arqueológicas realizadas en Bretoña (Lugo) durante las campañas de 1970 y 1971» *Not. Arq. Hisp. Prehistoria*, 4, Madrid, 1975, 265-272.; IDEM, *Excavaciones recientes en Galicia*, BELLAS ARTES 72. A. GARCIA GARCIA, «Dos visitas a Bretoña», *COMPOSTELLANUM XXIII* (1978), 165-189. A localización dunha tumba de laxes de pizarra dou pé a unha excavación que permitiu localizar novos enterramentos e unha construción singular de planta semicircular, en sillarete de pizarra, que corresponde a unha ocupación altomedieval, anterior a eirexa actual e que se identifica ca sede de Britonia do bispo Maeloc que asistiu o Concilio de Lugo de 599.

²² M. CHAMOSO LAMAS, «Excavaciones recientes en Galicia. San Bartolomé de Rebordáns», BELLAS ARTES, 72. M. CHAMOSO LAMAS e J. FILGUEIRA VALVERDE, «Excavaciones arqueológicas en la iglesia y atrio de San Bartolomé de Rebordanes»; de Tuy (Pontevedra), *Not. Arq. Hisp. Arqueología*, 4 (1976), 325-333. As excavacións realizadas nos anos 1970 e 71 permitiron o descubrimento de muros e estruturas de época romana e medieval así como unha necrópolis con tumbas de época romana e xermánica, con cerámicas abundantes, moedas e unha curiosa e interesante estela funeraria; das poucas coñecidas de Galicia, moi diferente das de Castillóns e Mougàs e con moitas semellanzas ca estela de Mondariz no Museo de Pontevedra. As catas realizadas no atrio da eirexa deixaron ver unha importante estrutura absidada que non se datou e non se continuou excavando.

²³ Cfr. datos da nota 14. San Guillermo de Fisterra é unha capela vencellada cunha tradición complementaria da pelerinaxe xacobea. Hai só información de prensa dos traballos.

²⁴ Os traballos de A. BALIL permitiron establecer a existencia dunha ocupación de época romana e tardorromana, pero non hai probas de continuidade entre ésta e a ocupación medieval do lugar. A ocupación medieval corresponde a etapa ben documentada do lugar como fortaleza da mitra de Santiago, séc XI-XV que resulta destruída na revolta irmandiña, data que a documentación nos traslada algunhas descripcións incluídas nas testemuñas do proceso Tavera-Fonseca (Cfr. A. RODRIGUEZ GONZALEZ, *Las fortalezas de la Mitra Compostela e los «Irmandiños»*, 2 vols., Santiago, 1984). A súa orixe vencellase co zocalo rectangular da capela e as construcións adosadas no recinto interior. Das descripcións das que falamos podese determinar o número das torres en sete, das que seis corresponderían o recinto interior, cunha central isolada do resto anque con construcións adosadas e cinco perimetrais sobre o río e o interior unidas por barbacana; a existencia dun campo con algunhas construcións cercado por unha muralla — que na excavación aparece como ancha, de 2,5 m. de comprimento, e con un a xeito de contrafortes cada pouco e paramentos exteriores ben construídos con pedra seca e encintado e recheo de pedras de dimensións variables —, adosada a porta de entrada, coñecida como Torre de Lugo, que resulta anterior o muro de peche perimetral. Nun punto inmediato a esta torre existiron diversas construcións, sucesivamente refeitas e remodeladas entre as que destaca unha de planta absidada lixeiramente ultrasemicircular e cronoloxías variables, unhas cicais romanas, outras medievais. No recinto principal evidenciase ó menos dúas etapas constructivas. Os materiais son cerámicas grises, algúns ferros e algunhas pezas de cerámica con vedrio de procedencia foránea. A. BALIL, «Excavaciones en Torres de Oeste (Catoira, Pontevedra)», *Not.*

despois F. Fariña realiza sondeos na área medieval da *Lanzada*, antiga fortaleza da mitra compostelana²⁵; P. Acuña dirixe os sondeos na *Torre de Meira* (Moaña)²⁶ e F. Acuña Castroviejo con membros do departamento de Historia Medieval, fundamentalmente M^a. C. Pallares e J. M. Puente, excavan no poboado abandonado no século X de "*Villabidualdi*" e no *Castelo da Rocha*²⁷.

Xa na década dos oitenta os traballos de campo relacionados co mundo medieval frenanse, anque descubertas casuais facilitan intervencións de urxencia en puntos moi dispares; *Praza Maior de Allariz*²⁸, interior da parroquial de *Santa Mariña de Augas Santas*²⁹, *San Xés de Francelos*³⁰, *Praza da Magdalena*

Arq. Hisp. XIII-XIV (1969-70), Madrid, 1971, 300-304; IDEM, Torres de Oeste (Catoira, Pontevedra), 1973. Not. Arq. Hisp. 5 (Madrid, 1977), 379-385.

²⁵ F. FARIÑA BUSTO e J. FILGUEIRA VALVERDE «Excavaciones en A Lanzada» Not. Arq. Hisp. Arqueología, 3, Madrid, 1975; F. FARIÑA, a «A Lanzada. Introducción histórica», EMP. XXVIII (1974), 73-121; IDEM, «Excavaciones en A Lanzada (campana 1973). Informe preliminar», EMP. XXVIII (1974), 83. Os traballos na area medieval da torre fortaleza da mitra compostelana, que ten restos considerados como da época de Sisnado, vencellados tamén a exploración das salinas inmediatas, permitiron establecer unha secuencia cronolóxica con niveis dos séculos IX ó XII na zona dianteira da capela, construción romanica avanzada, onde formando parte dos seus alicerces descubriuse a laude dun sartego. Os materiais inclúen algunhas pezas metálicas, inclasificables, cerámicas grises e outras de pastas cerámicas tardorromanas.

²⁶ P. ACUÑA FERNANDEZ et alii, Prospecciones arqueológicas na Torre de Meira, BAUR. VI, 1976, 183-198. Estudo dunha torre, asentada no espolón do castro das Cidades. Localizáronse os alicerces da torre, cuadrangular, cun antepatio defendido por unha grosa muralla e con construción adosadas na parte interior. Os materiais cerámicos e metálicos suxiren unha cronoloxía nos séculos XIV-XV.

²⁷ M. C. PALLARES e J. A. PUENTE MIGUEZ, «Villa Bidualdi. Un despoblado del siglo X. Aproximación arqueológica», CEGAL, XXXII, 1981, 475-485. Describen os resultados dos traballos coa localización dun ángulo dunha construción e algúns materiais que non se describen. No castelo da Rocha os traballos permitiron examinar o foso con abundantes materiais e estratigrafía e un area interior onde se descubriu un solado con zalujo semmelantes os que procedente deique se conservan en Pontevedra, cfr. M. CASAMAR, Catálogo de los azulejos del Museo de Pontevedra, EMP, XXXVI, 1983, 457-499.

²⁸ B. PEREZ OUTEIRÑO e F. FARIÑA, «Excavación de urxencia na Praza Maior de Allariz», BAUR, XI (1981), 9-47. As obras de remodelación no ousó da eirexa de Santiago deixaron ó descuberto unha serie de tumbas infantís de inhumación, unha delas cunha tampa datable pola súa inscrición, que se asentaban nun nivel de ocupación romana como atestiguan os materiais atopados. No lateral esquerdo unha necropolis aberta na rocha, con restos de tampas, sobre da que se asentan os alicerces da eirexa de Santiago, construída no século XII.

²⁹ Os traballos de restauración da eirexa parroquial permitiron a realización dunhas catas, que permitiron a localización do pavimento orixinal románica na ábside. Nos alicerces e zanza de cimentación apareceu un fragmento de cerámica gris en retícula pintada bermella e cerámica gris, datables no século XII avazado. No interior da nave localizaronse moitas escorias e restos que parecen ser atribuíbles a un forno de fundición de cronoloxía incerta. F. Fariña e F. Espino «Catas no interior da eirexa parroquial de Santa Mariña de Augas Santas», BAUR no prelo.

³⁰ J. RODRIGUEZ GONZALEZ e A. SEARA CARBALLO San Xés de Francelos. Anexos do BAUR. 4, Ourense, 1985.

de Ourense³¹, *Panxón*³², Cidade de Lugo³³, rúa da *Azabachería* en Santiago³⁴, na *Buchería* da Catedral compostelana³⁵, entorno das *Burgas* en Orense³⁶, Ansemil³⁷, Soutomaior³⁸, Pontevedra³⁹, etc..., aunque noutros casos os achados non teñen continuación como en *San Salvador das Rozas* (Medeiros) ou os sartegos de *Vilar de Astrés* como nos de *Castrelo de Abaixo*⁴⁰. Frente a tanto

³¹ Traballos de excavación de urxencia co resultado da localización dunha necropolis, que alcanza dende o século IX, sepulcros abertos na rocha, até o século XVI con tampas señoriais e gremiais. Tamén se localizaron os alicerces dun gran edificio e un pozo, moi profundo e reheo con materiais de época romana. No edificio que alberga o Museo, antigo pazo do bispo, coñecido na idade media como Tores, Pazos e Curral do Bispo de Ourense, se localizou un nivel de época románica, a orixe do edificio, e outro de época romana, aunque sen continuidade entre ambas. Nun pozo, a aterro incluía materiais dos séculos XII-XIII e outros xa do século XV-XVI. F. FARÍÑA, Torres, Pazos e Curral do Bispo de Ourense. Catálogo de exposición, en prensa.

³² Con motivo das obras de consolidación dos restos visigóticos realizáronse unhas excavacións dirixidas por A. GARCIA ALEN. O arco visigótico de Panxon, Vigo, Asociación de amigos de los pazos. 1982.

³³ Con motivo das obras duns aparcadeiros subterráneos, polémicos innecesarios e destrutores, realizáronse traballos de prospección e, logo, excavación. Segundo as informacións de prensa, moi abundantes, El Progreso, La Voz de Galicia, etc. febrero-maio 1987, apareceron materiais de época medieval e sobre todo romana, que son os máis chamativos.

³⁴ Na Azabachería, no interior dunha das casas ali existentes con motivo de obras de reforma apareceron elementos escultóricos que se identificaron con restos do coro mateino. A polémica de prensa deu paso a realización dunha excavación na que se evidenciou unha torre e muralla da antiga muralla, que cando ficou fora de servizo recibiu construcións adosadas. Os materiais encontrados corresponde a unha cronoloxía entre os séculos IX e XIII.

³⁵ Na Buchería da Catedral compostelana efectuáronse recentemente traballos de exploración que permitiron descubrir o enlousado dunha rúa medieval e as construcións inmediatas, en disposición ortogonal. Os materiais están aínda a ser estudados.

³⁶ No ano 1987 ao remodelar o entorno deste chamativo manantial acuifero apareceron restos constructivos de época medieval e romana. Unha excavación emprendida seguidamente con dirección de A. SEARA localizou novas estruturas, as canalizacións de augas quentes e abondoso material que aínda está pendente de estudo e pode proporcionar unha interesante secuencia medieval amais de establecer o nexo entre o habitat romano e os dos séculos medios. C. FERNANDEZ IBAÑEZ e A. SEARA CARBALLO, *Las Burgas en los orígenes de la ciudad de Orense*, Revista de Arqueología, nº 94, feb. 1989.

³⁷ Localidade onde xa se fixeran algunhas catas con anterioridades: R. GIMENO GARCIA-LOMAS, *Excavación con carácter de urgencia en la Iglesia de San Pedro de Ansemil* (1985), EMP, en prensa. Sobre traballos anteriores R. Yzquierdo Perrin, *San Pedro de Ansemil: un monasterio gallego del siglo X*, BAur. VII, 1977, 83-117.

³⁸ R. GIMENO GARCIA-LOMAS, *Prospección arqueológica en el Castillo de Soutomaior*, EMP. XXXIX, 1983, 143-156.

³⁹ Cidade onde ós traballos realizados no seu día no solar do Teatro Principal — anteriormente eirexa de San Batolomé o vello — compre engadir os recentes achados na Ponte do Burgo que anovan as suxerencias realizadas no seu día por don Casto Sampedro sobre as descubertas de que fala GONZALEZ ZUÑIGA (Cfr. Pontevedra. *Planteamiento histórico y urbanístico*. Diputación de Pontevedra, 1988; A. DE LA PEÑA SANTOS, *Excavaciones arqueológicas de urgencia en la Provincia de Pontevedra durante el año 1981*, EMP. XXXVI, 1982, 67-90.

⁴⁰ B. PEREZ OUTEIRIÑO, X. RODRIGUEZ GONZALEZ e X. A. VAZQUEZ URTIAGA, Interesante descuberta arqueolóxica en Medeiros, La Región, 9. 5. 84 e 12. 5. 84. E. RIVAS QUINTAS, La necropolis de San Salvador da Roza, Medeiros. Ourense, 1984. Sobre ASTRES,

achado sómentes dúas exploracións sistemáticas, *Ouvigo* (Blancos) onde traballa A. Rodríguez Colmenero⁴¹ e *Adro Vello* de San Vicente do Grove, onde J. Carro Otero continúa as excavacións iniciadas pola sección de Arqueoloxía do I.P.S.E.G. algúns anos antes⁴².

Agora ben, esta panoràmica da investigación ficaría incompleta de non engadir aqueles estudos non propiamente arqueolóxicos pero que atinxen a elementos da vida material medieval que son analizados dende puntos de vista diferentes, sobor de todo aqueles que teñen un valor constructivo ou decorativo, estudos artísticos, principalmente de templos e algunhas monografías que abaranguen aspectos moi diversos, dende os camiños à ceràmica ou os epígrafes.

Todo este àbano de datos e referencias permite albergar esperanzas de que novos estudos e as informacións existentes permitan sustentar sólidas bases do coñecemento da arqueoloxía medieval galega. Con todo, e denantes de analizar algúns problemas concretos quixeramos suliñar algunhas características xerais de que condicionan grandemente a investigación.

X. C. RIVAS FERNANDEZ, «Vestigios de algunos antiguos eremitorios orensanos», BAur. XI, 1981. 50.

⁴¹ A. RODRIGUEZ COLMENERO, «Un probable oratorio paleocristiano en Ouvigo», Blancos, Ourense, en ACTAS do XV C.A.N. Victoria, 1975. Aragoz, 1977. 1209-1213. IDEM, «Excavaciones arqueológicas en Ouvigo», Blancos (Ourense) (campañas 1977-1981) Not. Arq. Hisp. 24, 265-387.

No entorno dun edificio, cunha orixe tardorromana, desenvólvese unha necropolis que alcanza até ó século X. O autor dos traballos considera posible a existencia dun templo tardorromano, cristián, con sucesivas transformacións deica o século XX. A tipoloxía dos enterramentos é moi variada e destaca a presenza dunhas laudes, unha de estola e outras doutro tipo e unha con inscrición. Os materiais cerámicos son variados e destacan algúns fragmentos de sigillatas tardías, cerámicas grises, outras feitas a mán e decoradas con peiteado e pulido e outras vidradas en verde, de procedencia foránea. As formas son variadas, con dominio das oliñas, pero hai tapadeiras, queixeiras e pezas abertas, cicais fontes e cuncas. Entre o material metálico destaca unha pixide do século XII con esmalte; unha chave, semellante a do castelo de Ribadavia, e unha plaquita sobredorada.

⁴² M. C. GARCIA MARTINEZ e J. M. VAZQUEZ VARELA, La necropolis de Adro Vello (S. Vicente do Grove), COMPOSTELLANUM, XIII, 1967, Os traballos máis importantes até agora sobre o tema J. CARRO OTERO, Los esqueletos bajo-romanos de San Vicente do Grove, CBGAL. XXVI, 1971, 129-153. IDEM, Moneda del rey Don Fernando II de Galicia-Leon y «ceca» compostelana con el tema de la «traslación» del cuerpo del apostol Santiago (1157-1188), COMPOSTELLANUM, XXXII, 1987, 575-594.

Neste xacemento, do que àerá noticia Fr. Martin Sarmiento, cabe sinalar a existencia de catro grandes conxuntos segundo o seu excavador: 1, unha villa romana da que hai muros, material cerámico, moedas e un epigrafe. 2, Necropolis de inhumación pluriestratificada que abrangue ós séc. V-VII ó XVIII en reximen continuo, no que cabe advertir un conxunto de tumbas feitas de laxes, de paredes en forma de arco de paréntesis, cobertura de laxes e tamén por veces reutilización de materiais romanos. Outras son «fosas simples», as veces, poucas, con laude máis/menos trapezoidais, sin surcos (agás unha gremial dos séculos XIII-XIV) e un só, polo de agora, sartego monolítico. 3, Unha eirexa medieval de nave e abside de planta rectangular. Un conxunto de materiais pétreos e placas decoradas, etc. e algúns metálicos permiten considerar a súa orixe no século VII, posterior ó comenzo da necrópole. 4, Torre, situada ó leste da eirexa, planta cuadrada e vencellada a un sistema de muros que enlazan con aquela, datable no século XII-XIII.

Unha primeira, cicais a de máis rápida solución, estriba na carencia dun programa de intervención coherente e continuado, e isto anque a insistencia en torno ó tema xacobeo, en lugares e temas, poidera facer pensar o contrario. Unha segunda, vencellada parcialmente à primeira, e de índole político cultural, é a **necesidade de prantexar medidas de protección** nos puntos onde os restos existentes fan sospeitar a existencia de datos de interés para a investigación e que calquer obra que se realice teña un previo traballo arqueolóxico, que permita recuperar asiadamente a información existente denantes da súa perda absoluta como ocorre con certa frecuencia lamentablemente.

Unha terceira consideración é a **insistencia no mundo xacobeo, como eixo da articulación de Galicia** e cunha visión en boa medida lastrada polo radical convencemento de que os datos aportados pola investigación deben de apoiar e sustentar a tradición. Este lastre é maior en tanto o interés en apuntalar datos nesta dirección levou a insistir en temas concretos (materiais de época romana, laudes de estola e o seu carácter «suevico», etc...) namentras se obviaba moita información xeral ou descriptiva daqueles materiais ou niveis arqueolóxicos que non tiveran implicación directa ca orixe ou momento inicial do tema, polo que con frecuencia se observa unha detención obsesiva nos materiais de época romana e unha xeralización absoluta nos medievais. O exemplo dos relatorios das excavacións da Catedral é, por obvio, exemplarizante⁴³ o que resulta aínda máis duro e negativo por canto eses materiais

⁴³ Indudablemente son moitas as facianas que se poden abrir nun tema tan ricaz como o que abordamos neste punto pero como resumo sobre o estado das cuestións e aportacións máis recentes podemos engadir sobre as que xa figuran nas notas anteriores, sen pretensións de exhaustividade senon millor de base de orientación, as seguintes ordenadas por campos:

Arquitectura: J. FONTAINE, *L'Art prerroman hispanique* 2 vols. 1973 y 1977; M. NUÑEZ RODRIGUEZ, *A arquitectura prerrománica*. COAG, Santiago, 1977.; J. C. RIVAS FERNANDEZ, *Algunas consideraciones sobre el prerrománico gallego y sus arcos de herradura geminados*, BAur. I, 1971, 61-126; as múltiples referencias às eirexas de Lugo: M. VAZQUEZ SACO, *Papeletas de arte románico lucense. Iglesias románicas*, BCPM Lugo vols. I-IX (1945-1978), así como nos volúmenes editados pola Fundación Pedro Barrié de la Maza dentro da serie do Inventario Artístico de Galicia: I. BANGO TORVISO, *El románico de la provincia de Pontevedra*. 1979; R. YZQUIERDO PERRIN, *Arquitectura románica de la provincia de Lugo al oeste del Miño*, 1982; J. C. VALLE PEREZ, *La arquitectura cisterciense en Galicia*, 2 vols. 1982, así como a serie de artigos publicados nas revistas Cuadernos de Estudios Gallegos (CEGAL), Boletín de la Comisión de Monumentos Histórico-Artístico de Orense (BCPMAOr.) e Archivo Español de Arte (AEArt.) por M. CHAMOSO LAMAS, J. M. PITA ANDRADE e J. RAMON E FERNANDEZ-OXEA (Ben-Cho-Sei). Tamén é de interés *Arquitectura gótica en Galicia*. COAG. Santiago, 1986. Unha faciana moi particular en J. R. ESTEVEZ, *Sinagoga y barrio judío de Ribadavia*. Gerona, 1987.

Camiños e pontes: As comunicacións teñen unha importancia decisiva e amais dos múltiples estudos sobre un eixo básico como é o Camiño de Santiago cunha ampla bibliografía contamos hoxenda con outras aportacións que valoran o conxunto dos camiños medievais galegos. É o caso de E. FERREIRA PRIEGUE, *Los caminos medievales*. Anexos do BAur., 9. Ourense, 1988. Tamén M. CHAMOSO LAMAS, *Puente y lugar de San Clodio*, CEGAL. X, 1955.; IDEM, *El*

aparecen secuenciados dun xeito que poderían ser fitos básicos para o establecemento dunha secuencia cronolóxica e máis evolutiva, que, polo de agora, non se pode aproveitar.

Outro feito que consideramos importante destacar a nivel xeral é a pobreza real que se nos mostra en moitos xacementos explorados e cofecidos, sobor de todo castelos e asentamento de fortalezas, como se nos encontrasemos nun mundo onde a propia supervivencia non permitise apenas rasgos de excedentes de produción ou signos de riqueza, que parecen ficar reservados ós obxectos litúrxicos ou de mobiliario dos moi nobres.

Outra consideración que compre establecer é a continuidade/descontinuidade do mundo medieval verbo dos seus antecedentes. A favor dunha existencia de continuidade está o feito concreto da presenza de sustratos romanos en moitos dos xacementos, dende a Catedral compostelana a Ouvigo, de Adro Vello a Praza Maior de Allariz. Emporiso noutros casos, o establecemento parte de cero e, ademais, agás a continuidade do asentamento non estan claras as correlacións nos materiais, tanto máis canto o noso cofecimento da realidade galaicorromana presenta tantos ou máis baleiros que os que temos do mundo medieval, ata o punto de seren menos os xacementos obxecto de excavación que os propios medievais. Esta situación, e o feito de nalgúns casos producirse a recuperación de espazos castrexos como na Torre de Meira ou en Liboreiro, fai mais comprensible que por veces se estableza unha continuidade respecto do mundo castrexo, que se ve reforzado polo feito do *encastelamento*, anque no noso xuicio nin técnica nin funcionalmente poida existir concordancia con esta etapa cultural.

Finalmente, dentro destas consideracións xerais, o feito de que moitos materiais teñen sido obxecto de investigación e valoración máis artística, descontextualizados, que arqueoloxicamente o que provoca por veces distorsións funcionais evidentes.

punte romano de Orense CEGAL XI, 1956, 5-30; S. ALVARADO e M. DURAN, Inventario de puentes de Galicia (en prensa), e Y. BARRIOCANAL, *Pazos de Arenteiro*. Ourense, 1988.

Epigrafía. Non contamos aínda cun corpus completo pero hai contribucións de interés como à de M. NUÑEZ, Algunas inscripciones de la Galicia prerromànica, *BAur.* 7, 1977, 173-194. Prepara a súa tese doctoral sobre este tema J. L. SACO CID, Inscripciones latinas medievales de Galicia.

Numismática: A carón dos traballos clasicos de W. REINHART sobre as moedas suévicas e as aportacións de F. MATEU LLOPIS, podemos sinalar para as acuñacións máis recentes os traballos de F. BOUZA BREI, Tesorillo de monedas medievales de vellón, de Ribadavía, *CEGAL*, 19, 1964, 251-256, e A. OROL PERNAS, autor de diversos traballos de particular interés para Galicia entre os que destacon *Ordenación cronológica de las acuñaciones coruñesas de Alfonso XI Numisma* 1974; e *Numismática gallega Numisma*, 163-164, 1980.

C. TORRES, *El reino de los suevos*. Serie Galicia histórica. Santiago, 1977; os artigos de X. TABOADA CHIVITE, A reconquista e a súa consolidación na bisbarra de Barancelli. *CEGAL*, 28, 1973, e X. FERRO, Monjes y eremitas en las margenes del Miño, Braga, 1967.

A CONSTRUCCIÓN DUN HABITAT

A hora de estudar a disposición do habitat, é cecais onde máis acusadamente nos atopamos coas eivas que vimos de sinalar, a unha investigación pouco desenrolada hai que sumarlle a tendencia da mesma a concentrarse en aspectos como o castelo ou a necrópole, que si ben van a xogar un importante papel na reconstrucción da paleoexografía humán fanno dun xeito mediatizado pola súa específica significación, ligados às estruturas ideolóxicas e políticas, non son, salvo o castelo para un grupo social determinado, fórmulas propiamente habitacionais, aínda que sí indicativos primordiais da territorialidade. O problema agrávase se temos en conta que o tratamento que se lle deu tende a valorar ós aspectos formais dos mesmos fronte a calisquer outro tipo de consideración. Non podemos, a pesares das limitacións impostas por datos parciais e/ou indirectos así como mal coñecidos, deixar de facer uns breves apuntes sobre o tema da evolución das formas do habitat, tentando salir ó paso dalgúns lugares comúns que conforman as escasas aportacións sobre o tema.

Un destes lugares comúns afecta, como se contou no capítulo anterior, ós cambios que neste eido se producen na transición do mundo antigo ó medieval, e está motivada polo fenómeno da habitación en enclaves con ocupación en tempos protohistóricos ou parecendo seguir, cando son creados agora, modelos dese intre: trátase do problema da continuidade no ámeto castrexo⁴⁴. Non cabe dúbida da existencia de elementos para pensar nunha ocupación serodia nalgúns castros, especialmente no Norte de Portugal⁴⁵, aínda que no ámeto galego⁴⁶, chegando a plantexar datacións como a de Mohias⁴⁷ e a

⁴⁴ Situación referida abondosamente na bibliografía arqueolóxica do NW, unhas veces ó tratar o poboamento no mundo tardorromán e inicios do medieval, outras simplemente para resaltar a prolongada existencia do castro e/ou a súa forte implantación no NW, e o correlato da forte perduración da cultura a el asociada, téses indixenistas e visións inmovilistas do mundo galego nos primeiros séculos da nosa era. Non é o intre de nos achegar à valoración destas posicións e às súas implantacións, como tampouco de dar unha cita detallada dunha postura que se pode atopar en distintos traballos, da simple nota ó libro de vulgarización do coñecemento histórico.

⁴⁵ C. A. FERREIRA DE ALMEIDA, «A propósito de "Galicia Sueva" de Casimiro Torres», *Gallaecia*, 5, 1980, 306. Para Galicia, P. ACUÑA e F. ARIAS, «Galicia bajorromana», *Gallaecia*, 3/4, 1979, 92-94.

⁴⁶ Un problema deste tipo pareceo plantexar Viladonga, aínda que sigue a ser excavado. F. ARIAS, «Castro de Viladonga. Campaña de 1983». *Arqueoloxía/Memorias*, 2, 16.

⁴⁷ Trátase das tantas veces referida datación do 570 d.C.. J. MARTINEZ, «Resultados de una investigación geocronológica», *Bol. Inst. Est. Ast.*, 73, 1971, 355-356. A relación desta data cunha ocupación serodia do poboado é criticada por J. L. MAYA, «Habitat y cronología de la Cultura Castreña es Asturias», *Portugalia*, IV-V, 1983-4, 188, aínda que este mesmo autor sinala a existencia de materiais de cronoloxía semellante noutros poboados asturianos, cfr. mesmo artigo, *passim*.

recente cuestionable proposta de interpretación da arte castrexa⁴⁸, entre outras, parecen apuntar nesta dirección.

Agora ben falta por definir o xeito de implantación no castro desas ocupacións dos séculos V ó VII, como tamén, se o castro é agora a entidade poboacional como foi na protohistoria, cãl é a relación co seu entorno no que sabemos existen outras formas ocupacionais: esta relación incidiría na interpretación a facer de dita ocupación. Así ésta pode ter unha significación distinta a que se supón a súa precedente. En vista de tal situación entendemos negativo insistir sobre esa suposta continuidade posto que oscurece a reconstrucción do habitat nos tempos temprãns medievais, dado que un dos seus compoñentes, os asentamentos en altura e/ou fortificados, estã interpretativamente condicionados por unha categoría ahistórica e puramente formal como é a do castro⁴⁹. Sendo imprescindible revisar todas esas ocupacións à luz das súas propias características: configuración e ergoloxía (unha ceràmica do século V nun castro, non ten por que interpretarse, e menos dun xeito prioritario, que o castro segue a ser usado, senon que no século V bótase man con un fín habitacional ou doutro tipo non especificado dun determinado enclave); así como en relación ós outros enclaves que se poden pensar para o mesmo momento: «villas», necrópoles, asentamentos en chairas ou en altura non susceptíbeis de asimilar à idea de castro (cousa difícil pola ambigüedad de que ésta se ve afectada).

Moito mais desafortunada parécenos aínda a idea de vencellar o castro a realidades mais lonxanas como à da fortaleza medieval ou o dun lugar actual, casos ambos que se dan pero con evidente solución de continuidade, e cun contido que se hemos de inscribir no seu propio marco histórico, como no caso anteriormente comentado propuña, ten moi pouca relación, e ésta pódese entender como produto dunha recurrencia ahistórica e non dun endémico inmovilismo do noroeste⁵⁰.

O mesmo problema da continuidade versus discontinuidade afecta às «villae» tardorromanas, pensar na súa continuidade no mundo inmediatamente posterior non resulta difícil⁵¹, aínda que existen claras probas de que esto non é xeralizable. Preocupanos mais, sin embargo, a situación desencadenada pola implantación de necrópoles altomedievais no mesmo *locus*: a casuística galega

⁴⁸ Unha postura bastante polémica, pero que citamos aquí en canto plantexa este tema, non só nas súas controvertidas conclusións, senon na argumentación. M. HÖCK, «Verzierte Bauteile aus Castros in Nodrwesten der Iberischen Halbindel», *Madridrer Mitteilungen*, 26, 1985, 243-256, esp. 249 e ss.

⁴⁹ Estãmonos a referir a unha categorización derivada do tratamento do termo «castro», non a unhas características implícitas ó mesmo como realidade obxetiva.

⁵⁰ Unha tendencia xa citada na nota 45, necesitada dun amplo traballo ela mesma.

⁵¹ Resulta difícil definir esta situación polo escaso coñecemento da ergoloxía atribuíble a esa etapa.

resulta abondosa en tal sentido, lembremos os casos de Moraime⁵²...que volta a plantexar a posibilidade dunha continuidade nun longo período de tempo. Esa suposta ligazón, a pesares de que aquí a significación do superposto parece a primeira vista facilmente diferenciable, necesita, dada a súa recurrencia, dunha explicación. Para a cal necesítase dunha definición precisa de ambos horizontes: o calificativo de “villa” usouse con excesiva facilidade, poidendo agachar realidades distintas, e a necrópole pode ir ou non asociada a unha construción relixiosa e/ou a un establecemento humán; ó tempo cunha boa delimitación da súa relación na estratigrafía, algo difícil pois nos exemplos coñecidos hai unha imbricación de ambas, carecendo de cesura reflexada estratigráficamente⁵³, o que impide coñecer o posible lapsus de tempo que mediou entre ambos usos do enclave.

Quiseramos apontar, a pesares da dificultade, unha proposta para explicar esa sucesión arqueográfica. Proposta centrada no posible rol articulador do territorio que poideron xogar a vila, no mundo tardo-román, e a necrópole, para o altomedieval, ben como tal necrópole ou en función da *ecclesia* asociada. Esta solución ubícase nun marco interpretativo diferente da realidade material, avalaría así unha certa continuidade na territorialidade ó longo cando menos dos cinco primeiros séculos do altomedievo, que se pode apoiar para a metade norte do noroeste con feitos como a perduración da fragmentación espacial de base xentilicia, a continuidade toponímica: denominación dun espacio, e a abundante referencia na documentación à delimitación dalgunhas entidades territoriais, dun tipo básico como é a «vila», «per terminos antiquos»⁵⁴.

Continuidade pois na territorialidade, pero non no habitacional. A «vila» de tipo tardorromano parece desaparecer progresivamente entre os séculos V e VII⁵⁵, onde se poden ubicar as máis serodias ocupacións de enclaves fortificados⁵⁶, outros tipos de ocupación tampouco parecen ir máis alá.

A partires do século VIII un vacío que só se empeza a encher cando dende o século IX e mais do X a documentación empézase a referir, aínda que dun xeito non moi claro a feitos habitacionais e/ou territoriais como o «casal», a «vila» ou o «castelo».

Arqueolóxicamente só as necrópoles e as construcións relixiosas asociadas, cando existen, permiten plantexar algunhas consideracións sobre o habitat neste momento. Si por un lado a necrópole de certa entidade e gran perduración parece ser un forte elemento articulador daquel, que en algúns

⁵² Pódense engadir casos como Tíns, Castellóns ou Adro Vello, cfr. notas à HISTORIA DA INVESTIGACION.

⁵³ Calquera das citadas nota anterior vale como exemplo.

⁵⁴ Estos elementos pódense ver en F. ALSINA, «La ciudad de Santiago...», 196 e ss.

⁵⁵ Non parece existir unha desaparición rápida, poi si ben o final para algunhas sobrevenlle no s. d. J., outras perdurarán nos séculos seguintes.

⁵⁶ Xa antes nos referimos a este tema (vid, infra).

casos levanos do núcleo habitacional tardorromàn, vila ou outro, a eirexa romànica ligada xa a implantación do parroquial no XII e à definición da estruturación do territorio⁵⁷. Esta nunhas áreas aínda por determinar, dado que non sería extraña unha rexionalización nuns momentos onde a inestabilidade é característica primordial.

Doutra banda pequenas necrópoles aparecen diseminadas por todo o agro galego, especialmente coñecidas aquelas compostas por sepulturas excavadas na rocha e/ou sartegos pétreos exentos, dándonos idea dunha situación máis fluída onde as pequenas células de tipo familiar, xogan un rol importante. Si ben algunhas delas están claramente en relación a un centro e/ou comportamento relixioso, outras parecen estalo a pequenos grupos de poboación dispersos con eirexa propia ou non^{57 BIS}. Segundo as propostas de datación para este tipo de necrópole podemos pensar que reflexan unha situación propia dos séculos IX o XI, aínda que poideron retrarse as súas orixens, o que fai ambas realidades coetáneas, cun maior forte desenrolo das de gran tamaño en momentos como o s. V-VII e XI-XII, onde o habitat parece mellor definido en condicións de maior estabilidade (vid. infra capítulo adicado as necrópolis).

Das construcións propias destes enclaves habitacionais referidos territorialmente ou inmediatamente à necrópole, carecemos de calisquer dato, só os alicerces de pobre mampostería asociada a «Vila Bidualdi»⁵⁸ fàlanos do uso da pedra xa nese intre, pero non rompe a idea dunha gran pobreza neste eido dada pola precariedade na construción dos castelos, indicativo do cal será o aproveitamento das oquedades graníticas incluso como lugares de habitación (vid. infra cap. «castelos»), situación que se repite no mundo rural afectado por condicións de forte inseguridade: as razzias vikingas ou sarracenas na costa. Situación que explicaría a escasez de restos que poideran ser interpretadas como asentamentos rurais deste intre, e que parece afectar a todos os grupos sociais, tanto ó castelo ou ó palacio como à vivenda rural. Esta impresión vese tamén apoiada pola ergoloxía.

O precedente pouco máis que engadir, xa que carecemos totalmente de datos para o mundo rural a partires do XII, cando temos a parroquia actual xa consolidada, tan só a aparición de novos elementos como as granxas monacais⁵⁹ ou a inclusión, as veces ligadas às anteriores, da torre no ámeto habitacional campesiño. Componentes de distinto carácter, como poden ser as salinas, especialmente coñecidas no Salnés⁶⁰, ou as ferrerías citadas na documentación; a posible existencia de explotacións mineiras e núcleos humanos a elas asociadas; as comunidades relixiosas das que coñecemos os edificios conservados

⁵⁷ F. LOPEZ ALSINA, «La ciudad de Santiago...», 167 e ss.

⁵⁸ Vide nota.

⁵⁹ Así os celeiros de Partovia, Gomariz e Barra. X. C. RIVAS FERNANDEZ, «Granxas monacais medievais en Ourense», Bol. Aur., no prelo.

⁶⁰ Cfr. nota 25.

pola *História da Arte*, pero que carecen dunha aproximación arqueolóxica.

Todos eles formaban parte desa paisaxe predominantemente rural do medioevo galego, onde hai que engadir o fenómeno castral e as áreas de enterramento a tratar seguidamente. Predominantemente pero non exclusivamente rural, o mundo urbán tamén xogou un importante papel; o caso de Santiago resulta suficientemente expresivo. Pero a pesares dos traballos realizados neste derradeiro (vide supra: HISTÓRIA DA INVESTIGACIÓN) carecemos dunha visión arqueolóxica do desenrolo do mesmo, como tampouco os traballos realizados en Iria ou Lugo permitennos coñecer a evolución deste fenómeno no momento da transición ó mundo medieval. Nembargantes, os traballos recentemente realizados tanto en Santiago como en Lugo, Ourense, e máis recentemente Pontevedra (citados tamén no primeiro capítulo, o cal nos remitimos), abren novas perspectivas cara ó futuro, pero tamén reflexan a problemática complexa da arqueoloxía urbán, especialmente na súa faciana medieval: os seus niveis vense polo xeral máis afectados polas distintas remodelacións do núcleo urbán ó que pertence.

TORRES E FORTALEZAS: O PROCESO DE ENCASTELAMENTO

O castelo, compoñente definidor da paisaxe e núcleo articulador do cotidian, niños sosten do dominio/explotación do home sometido, en fin, as estruturas encorsetadas do tópico e/ou ambigüedad do mítico, aparécenos hoxe como elemento clave para entender, como moi ben di Fossier⁶¹, a articulación económico-social máis que ideolóxico-político dos tempos medievais. Neste senso o achegamento arqueolóxico está a abrir toda unha serie de novas posibilidades na comprensión do amplo e complexo fenómeno do encastelamento: reenchedo lagoas textuais, valorando definicións formais, na súa funcionalidade e/ou temática, achegándose a articulación dos espacios e dos xestos nos que a forteza se inscribe.... Posibilidades reflexadas dende fai tempo en amplas áreas do continente europeo, pero que na península están en gran medida aínda por descubrir.

No caso galego a situación é, tal como se reflexou pàxinas atrás, de vacío caseque total. A pesares dos intentos citados *Aranga, Torres, A Lanzada e Meira*, ó marxen dunha tradición que concluía na síntese de *Taboada Chivite*⁶², seguimos enfrentados a un coñecemento fragmentario dunha realidade ampla, lembremos que no pleito *Tavera-Fonseca*⁶³ recóllense ó redor das cen

⁶¹ R. FOSSIER, «La infancia de Europa. Aspectos económicos y sociales», Barcelona, 1984, Tomo I, 87.

⁶² M. TABOADA CHIVITE, «Los Castillos», Cuad. Art. Gall., 21, Vigo 1963.

⁶³ A. RODRIGUEZ GONZALEZ, «Las fortalezas de la Mitra Compostelana y los "Irmandiños"», Santiago, 1981.

fortalezas e/ou torres; e parcial, nos escasos exemplos coñecidos, falta a publicación exhaustiva dos traballos alí realizados, así como dos aspectos configuradores e/ou definidores, v. gr. a ergoloxía. Pouco axuda neste senso a publicación recente do texto do *Pleito Tavera-Fonseca* (vid. nota anterior), xa citado ou os traballos realizados accidentalmente no *Castelo de Fervenza*⁶⁴, tendo que basearnos pois nun conxunto disperso e desigual de notas e datos, ademais dos datos inéditos e/ou traballos en curso propios para intentar paliar esta dita pobreza.

Un área concreta, de lindes ben determinados e dimensións suficientes, como é a *península do Morrazo*⁶⁵, pódenos permitir un achegamento a evolución do encastelamento nalgunhas das súas formas máis significativas.

A primeira delas estaría representada no *monte do Liboreiro*, sita nun antigo castro será a expresión de fortalezas de gran valor xeoestratéxico ó tempo que de gran dificultade de acceso. A súa configuración está claramente diferenciada con respecto as estruturas protohistóricas, e viria definida por dous circuitos sucesivos de valos rectos con esquinas redondeadas que conflúen no punto máis elevado: a antiga coroa do castro, onde é presumible a existencia dunha construción tipo torre. Cronolóxicamente reflexa un horizonte de fortificacións bastante antigo, ó tempo que de vida breve. Atendendo ós materiais: cerámicas con claros referentes nas tradicións de época xermánica, inexistencia das producións grises e presenza dun broche de cinturón datable no século X; non parece poder ir máis alá de principios do século XI, sendo máis difíciles de delimitar as súas orixens, debéndose remontar cando menos a finais do século IX.

A interpretación deste horizonte do encastelamento xira en torno a defensa/control dun territorio amplo, expresando ó tempo a desarticulación do mesmo: a amplitude da fortaleza fai pensar nunha plurifuncionalidade da mesma (habitacional?), o que está en contradición cos fortes costes implícitos na súa relación coas terras circundantes. Esta interpretación vencellaríao ó terror creado pola piratería nórdica dende mediados do século IX⁶⁶, a cronoloxía proposta para o mesmo lévanos a pensar que a súa construción cabría relacionala con aquela primeira oleada de castelos que en tempos de *Alfonso III* tentan

⁶⁴ Dentro dos traballos que está a realizar X. CARBALLO ARCEO nos castros do Val do Deza, e a quen agradecemos a información, xurdu este castelo sito no concello de Silleda, onde xunto coa presenza de ergoloxía castrexa apareceron restos de clara adscripción medieval.

⁶⁵ Situada entre as rías de Vigo e Pontevedra e na que se está a realizar un estudo de detalle desta índole.

⁶⁶ A piratería vai a afectar à costa galega dende o 849, data da primeira incursión coñecida, ata o..., cando sucede o episodio dos cruzados ingleses, coa altibaixos ó longo de toda esta etapa. Sucédense as presencias vikinga, normanda e sarracena. Especialmente destacable é o período dende finais do s. X e principios do XI para a presenza nórdica, así como na continuidade do XII parece pesar máis a actividade pirática musulmana.

oporse a razzias vikingas na costa do reino astur⁶⁷.

Si a estas conclusións atiradas a propósito do *Liboreiro* teñen expresión noutras áreas de Galicia, o que ocorre na costa cantábrica⁶⁸, e o problema suscitado en torno a «terra de Castela» no extremo NO. da provincia de Ourense parece apuntar nese sentido, negaríase o suposto xurdimento explosivo do encastelamento a finais do X/principios do XI⁶⁹. Apuntando así para un desenrolo gradual con distintas etapas do proceso de creación de fortalezas, tendo que pensar nesa explosión constructiva mais como unha crise de crecemento ca como punto de arranque, dado que parecen conxugarse a aparición dunhas fortalezas e a desaparición doutras⁷⁰.

O segundo caso estaría representado polo *Castelo de Darbo*, que si ben presenta algunhas concomitancias co anterior: ocupa un antigo sitio protohistórico e segue a xogar unha importante rol estratéxica; ubícase nunha cota máis baixa sendo o acceso menos difícil, dous rasgos estes que o poñen en contacto máis inmediato coas terras circundantes. Resulta difícil coñecer a súa configuración que viría definida polo rochedo granítico no que se asentaba. Cronoloxicamente temos constancia da existencia deste castelo xa a fins do século XI⁷¹, voltando a aparecer no século XV⁷², o que nos fala da súa posible continuidade ou reaparición, sempre en relación coa mitra compostelana.

Este segundo caso hai que entendela xa como un produto dese despegue castral que tratábamos anteriormente, e ó cal hai que remitir boa parte das fortalezas galegas que hoxe coñecemos e que presentan características semellantes. No locacional a ubicación en puntos de boa defensa natural, polo xeral en elevacións nas que se ocupa a cima adaptándose a configuración da mesma, así os casos no que aquela está conformada pola penedía granítica atopámonos cun aproveitamento da morfoloxía do terreno: o rochedo aparécenos ben como un complemento do espazo habitacional, emprego das súas oquedades como habitación, silo ou basureiro, ou como sustentador dese espazo, cimentacións,

⁶⁷ Traballos recentes sobre o encastelamento asturián parecen poñer de manifesto a existencia dun grupo de fortalezas deste momento cunhas características propias.

⁶⁸ O caso do Castelo de Camargo, perto da costa, cunha vida que según datacións radiocarbónicas extenderíase dende fins do s. VIII ata mediados do XI. R. BOHIGAS e P. M. SARABIA, «El castillo de Camargo y los castros altomedievales de Cantabria», II Con. Arq. Med. Esp., Tom. III, 314-326. O feito de seren tan só dúas datas, así como o propio problema da aplicación do C14 a unha época tan recente, fainos ser cautos coa antigüidade proposta, aínda que a reproboación acometida por Alfonso I nesa área pareza apoiada historicamente.

⁶⁹ Como apunta, entre outros, A. LOPEZ ALSINA, «La ciudad de Santiago...», e C. A. FERREIRA, «A propósito...», esta contradición sitúanos de diante dunha polémica xa presente no ámbito europeo occidental, como recolle FOSSIER, op. cit., 42, e nota 170.

⁷⁰ Pódese sinalar o caso da fortaleza inédita do Castelo de Mós, que presenta unha cronoloxía en parte coincidente coa de Liboreiro, o que lle otorga unha datación semellante aínda que algo máis moderna do s. X a fins do XI.

⁷¹ Citado na *História Compostelana*, edición de Fr. Manuel SUAREZ, 135, 137 e ss.

⁷² Abondosamente citado no pleito Tavera-Fonseca; vide nota 64.

escadas, alxibes, etc.⁷³; o primeiro fálanos das limitacións constructivas de estruturas onde a sinxela mamposteria e/ou a madeira xogarí a un papel fundamental, e da limitación dos espazos así definidos.

No constructivo, os esquemas parecen reducirse polo xeral a un recinto ou recintos de tendencia variable segun das condicións do lugar onde se asenta, pero con claro predominio da linea recta, que acolle no seu interior unha torre de planta cuadrangular. Os primeiros definirían espazos de uso diverso, mentras que na torre localizaríase o espazo doméstico señorial. Loxicamente contamos con exemplos dunha maior complexidade co anteriormente apuntado, o caso de *Torres do Oeste* sería paradigmático⁷⁴.

Unha importante serie destas fortalezas, como a aquí tratada, a citada de *Torres do Oeste* e a de *A Lanzada* na Ria de Arousa, *Cedofeita* na Ria de Pontevedra, *Pontesampaio* na Ria de Vigo, ou as de *Faro* e o *Monte do Pindo* no norte (actual provincia da Coruña) incríbense nun sistema defensivo artellado pola *Mitra Compostelana* para contrarrestar a piratería normanda e sarracena que infestaba a costa galega entre os séculos X e XII, sistema este que creado en diferentes etapas: *Sisnado II*, *Cresconio* e finalmente *Xelmirez*, constituía unha barreira ó longo dos límites occidentais da terra de *Compostela*, especialmente desenrolada nas vías de acceso a cidade do Apostol (vid. not 68).

Non podemos esquecer aquí a relación destas fortalezas coa rede de vías de comunicación, tanto de orixen natural como artificial, sobre as que exercían o seu control, as veces como nos indica a documentación dun xeito abusivo⁷⁵. Como tampouco a existencia a partires deste intre da torre como elemento plenamente individualizado que aillado vai a xogar un papel de complemento das fortalezas, torres-vixía das que en xeral apenas queda o recordo toponímico e que se asentaban en puntos claves no control dun territorio determinado.

O terceiro exemplo estaría representado na *Torre de Meira*, o único por outra banda no que se realizaron excavacións arqueolóxicas. Topográficamente atópase xa a distancia dos anteriores, nun espolón a media ladeira, de cota 120m. de altitude e con boas defensas naturais, ten na cima inmediata ubicado un asentamento protohistórico, o que incide na apuntada ruptura con respecto ós casos anteriores. Sin dominar un gran territorio, controla o rico val no que se asenta a actual poboación de Moaña, o que tamén parece indicar unha territorialidade diferente. A súa configuración resulta bastante sinxela, constando de torre cuadrangular e dúas liñas de defensa concéntricas que definen espazos reducidos, en relación coas reducidas dimensións do conxunto. A cronoloxía relaciónao con tempos baixomedievaes xa que a ergoloxía non

⁷³ Unha boa expresión témola no castelo de Cans (Porriño-Pontevedra).

⁷⁴ Vide nota 24.

⁷⁵ Citas na Compostelana ó «latrocinio» que exercía dende este castelo contra os viandantes.

permite retrasas as súas orixens máis alá do século XII avanzado, aparecendo documentalmente no tantas veces citado *pleito Tavera-Fonseca*⁷⁶, e vencellado sempre a un dominio laico.

Estamos pois diante dun proceso de encastelamento señorial laico de marco territorial máis restricto que se parece desenrolar a partires fundamentalmente dos séculos centraes da Edade Media (séculos XII-XIII). As Torres de Teis⁷⁷, no outro lado da ría (concello de Vigo), o *castelo de Fervenza* (vid. not.), no interior da provincia de Pontevedra, serían outros exemplos a sinalar.

Non podemos descartar neste derradeiro grupo a existencia de torres-fortaleza semellantes as descritas nas zonas baixas dos vales, aproveitando unha discontinuidade do terreo, como pode ser unha afloración granítica, ou ben construindo esa mesma discontinuidade, o que nos situaría diante do problema das «motas». A existencia destas últimas non resulta, a pesares das irregularidades da topografía, descartable pois están aparecendo noutras áreas da península⁷⁸ onde o relieve tampouco parece facer necesario este tipo de sobreelevación artificial do terreo.

Un derradeiro matíz a resaltar deste conxunto é a importancia que nel acadada a torre, pasando o recinto, en xeral de dimensións reducidas, a ocupar un papel subordinado. Esta característica acentúase conforme avancemos no tempo ó desgaxarse, xa en plena Edade Media, a torre da fortaleza para asociarse a unha construción de carácter estrictamente agrícola tanto na súa funcionalidade como na súa configuración, que inclúe a elección dun lugar alleo as necesidades defensivas pero non as propias ó carácter que lle atribuímos: inmerso nas terras cultivadas⁷⁹. Este tipo ou subgrupo parece estar en relación co xurdimento da casa señorial de época moderna, coa que coincide nas características locacionais e funcionais, non sendo raro os exemplos de continuidade entre ambas formas, o que explicaría a existencia nalgúns pazos de elementos formais bastante antigos (non debe confundirse isto coa reaparición tardía da torre asociada ó pazo, onde ésta respostará a unha formulación puramente decorativa formal).

Un derradeiro tema que non podemos deixar de mencionar, aínda que so moi sucintamente é o da relación da torre/fortaleza con núcleos poboacionais dunha certa entidade. Isto levaríanos a reflexionar sobre o papel xogado por

⁷⁶ Vide nota 61, *passim*.

⁷⁷ Hoxe inédita, aínda que como a anterior, tamén referida no *pleito Tavera-Fonseca*. Presenta torre cuadrada cun pequeno e único recinto ó longo de dous dos lados da anterior, ó que se engade un foso excavado onde o espolón onde asenta se une às ladeiras colindantes. O esquema, pois, resulta tamén semellante ó de Meira.

⁷⁸ O caso do «Castrejón de las Enestrosas» en Cantàbria, excavado por R. BOHIGAS, M. GARCIA e P. GATABIA. Contamos cunha noticia sobre o mesmo en *Arqueología* 84-85, 1987, 47-48.

⁷⁹ Como exemplos propoñemos a torre de Outeiro de Fafián no Vale do Camba (terras interiores da provincia de Pontevedra) ou o pazo de Castro Amarante.

algunhas fortalezas no xurdimento de núcleos urbàns no interior de Galicia: Monforte, Castro Caldelas, Ribadavia e outras; ou o rol a atribuirlle ó castelo dentro deses núcleos e noutros que non acadan o estatuto de urbàns.

NECRÓPOLIS, SARTEGOS E TAMPAS

As necrópolis e os sartegos constituen, como xa comentamos noutras ocasións, un dos temas máis debatidos na arqueoloxía medieval galega. Xa sinalamos como Fr. Martín Sarmiento chamou a atención sobor duns e doutros, incidindo basicamente na decoración dos de *Tomezá*, *Lerez e tambo*, datandoos a partir da lectura da inscrición que figuraba na tampa sepulcral de *Ermengonda* datable na era DCLII (ano 614) e interpretando a decoración que levaba⁸⁰. Dende enton os sartegos e as laudes seguen a ser un dos eixos de controversia frecuente, anque no noso xuício mixtúranse elementos e asuntos diversos. Con todo, é indudablemente o tema verbo do que se coñecen máis referencias, anque de moi desigual calidade, pois considérase igual un sartego, con ou sin laude, que as laudes ou tampas, e mesmo os sartegos abertos na rocha⁸¹.

Entendemos que cabe distinguir realidades distintas e diste xeito consideramos por unha banda as necrópolis asentadas sobre núcleos poboacionais máis antigos e doutra aquelas que non teñen antecedentes inmediatos, que son, con frecuencia, necrópolis de sartegos abertos directamente na rocha formando conxuntos unitarios, pero tamén necrópolis con tumbas feitas de laxes de canto ou mampostería.

As primeiras presentan habitualmente varios tipos de tumbas, sempre con enterramentos de inhumación, tumbas nas que aparecen reutilizados materiais de época romana (ladrillos e tégulas) formando parte das paredes laterais, fondo ou cuberta; outras con laxes de canto, mellor ou peor colocadas, ou formando muretes, con planta variable: trapezoidal, fusiforme (os chamados por algúns dos autores citados como de «arco de paréntesis»), rectangulares ou antropoides; e, fundamentalmente, sartegos exentos, tanto de feitura paralelepédica ou de «bañeira» (esto é coas esquinas redondeadas) com interior antro-

⁸⁰ Vide nota 5.

⁸¹ Amais das reseñadas nas notas descritivas dos xacementos podemos engadir traballos que recollen bibliografía anterior, como o de M. VAZQUEZ SEIJAS, «Sartegos», BCPMLugo, VII, 138-150, con inventario de Lugo; J. DELGADO GOMEZ, «Cuatro nuevos sartegos», BCPMLugo, VIII, 82-86; id. «Sepulturas antropoides», BCPMLugo, IX, 1972-76, 223-224; J. FILGUEIRA VALVERDE e A. GARCIA ALEN, «Materiales para la Carta Arqueológica de la Provincia de Pontevedra», EMP, VIII, 1955, passim, e adicións posteriores. De grande importancia polos datos que engloban L. MONTEAGUDO. Hispania Germànica, noticiario Turístico, Madrid, 196... passim, que non se cingue só a este tema, pois abrange totalas facianas do mundo xermànico galego.

pomorfo ou non e con tampa ou laude, lisa ou decorada. *Moraime, Tins, Compostela, Ouvigo, Castrelo do Val* son bós exemplos desta forma de presentación que evidencia unha certa complexidade cronolóxica e un amplo desenrolo temporal non sempre ben definido.

Un segundo grupo corresponde as necrópolis onde sómente ou dun xeito casi absoluto hai sartegos con tampa. Nalgúns casos superpóñense a restos anteriores (*Santiago*), pero con frecuencia están nos adros actuais de eirexas de fábrica románica (*Lourizán*⁸², *San Tirso de Oseiros, Suevos*, etc.) pero noutros hai só unha ermida de difícil precisión cronolóxica (*San Salvador de Rozas*).

Un terceiro grupo corresponde ós sartegos abertos directamente na rocha, grupo no que só incluímos aqueles que responden a un programa claro de enterramento e non as fosas abertas na rocha base pola carencia de terras. Dentro deste grupo aparecen con nitidez varios subgrupos, dos que a razón da súa existencia e diferenciación pode servir para unha aproximación a reestruturación poboacional nos séculos IX-XI, como xa se sinalou, anque se necesitan novos estudos que completen os inventarios parciais existentes. Moitos destes conxuntos deixaron a súa impronta na toponimia, polo que resulta de interés unha enquisa sistemática na procura da súa localización.

O cuarto grupo correspondente a sartegos abertos na rocha dun xeito aillado ou formando pequenas concentracións de catro ou cinco, con ou sin tampa, e que se abren en rochas moi destacadas na paisaxe. Poden pertencer a comunidades eremíticas ou ser restos de pequenas comunidades de «repopoación» que non tiveron continuidade no momento da reorganización territorial e social que está na orixe das parroquias. Dátanse algúns nos séculos VIII e IX pero dos que aparecen aillados algúns poideran ser anteriores.

Os problemas das cronoloxías, por si e máis en relación coas tipoloxías, son aínda cuestións abertas nas que compre analizar caso por caso. Respecto da valoración cronolóxica dos tipos de enterramentos parece posible, con todo, sinalar algúns datos para os sartegos abertos na rocha, con dúbidas para os que están aillados que poideran ser máis antigos. Os grupos parecen iniciarse no século IX, nalgúns casos vencellables a grupos de repoboación, como cabe deducir dalgúns con tampa epigráfica e chegan ate o século XI, quedando fora de servizo logo da construción das eirexas románicas. A pesares doutras valoracións, como as feitas por A. Castillo e colaboradores para Castela⁸³ ou as de Riu e Bolós para Catalunya⁸⁴, un detalle máis polo miúdo, en razón das

⁸² LOURIZAN. Descubriron alí, na base dos muros da ermida existente tampas e sartegos. Nota personal e ficha informativa no Museo de Pontevedra.

⁸³ A. DEL CASTILLO YURRITA, «Excavaciones altomedievales en la provincia de Soria, Logroño y Burgos». EAE, 74, Madrid, 1972. E de moito interés A. ZAMORA, «Excavaciones en el atrio norte de San Millán de Segovia», Not. Arq. Hisp., 6, Madrid, 1979, 523-542.

⁸⁴ M. RIU, «Alguns costums funeraris de l'Estat Mitjana a Catalunya» en *Necrópolis i sepultures medieval de Catalunya*. Acta Medievalia. Annex. 1, Barcelona 1982, 29-57.

tipoloxías específicas das formas das plantas ou das cabeceiras, necesita en Galicia de novas excavacións e estudos sistemáticos.

As tumbas de laxes aparecen tamén en varios momentos, e unha comprobación é evidente na Catedral compostelana, onde segundo Guerra aparecen tanto nas necrópolis medievais como nas hispano-suevas, pois Guerra distingue dúas necrópolis medievais⁸⁵. Unha, dos séculos IX-XI, con superposición de tumbas e en relación con niveis arqueolóxicos documentados. Os tipos son das que chama «de murete» e «fusiformes», pero hainas tamén do tipo de laxes verticais e forma rectangular e unha excavada na rocha dos tempos de Alfonso II. A carón delas hai laudes de sartegos monolíticos, con inscrición, normalmente en varias liñas lonxitudinais, datables entre 847 (laude de *Teodomiro*) e 1072 (*Laude de Menindus*). A segunda, o cementerio do período hispano-suevo segundo Guerra caracterízase por ser de sarcófagos exentos enterrados en fosa e cubertos por laude monolítica visible e cãseque sempre decorada, mentras as caixas son trapezoidais con esquinas redondeadas e o interior cãseque sempre de forma antropoide. Aparecen sellados polas construcións de Alfonso II e Alfonso III o que os fai anteriore õ século IX, polo que pódese considerar oportuna unha datación «de tiempo bajorromano o del germánico».

Os sartegos exentos presentan tamén os seus problemas por fañlla de tipoloxías e estudos de detalle. Por un lado encontramos sartegos nun primeiro momento en liña de continuidade co mundo tardorromano — presente en pezas como o sartego de Temes, o liso da Catedral de Tui, etc. — que tería a súa continuación en pezas como o sartego de Avito, do Museo de Ourense. Aparece así unha certa continuidade e os sartegos sa asocian as chamadas «laudes de estola» xunto coas que conforman o que se chama habitualmente necrópolis suélicas, cunha cronoloxía que abrangue os séculos VI-VII⁸⁶. Emporiso, os sartegos exentos continuaron en uso, cicais cunha valoración sociolóxica distinta xa que das excavacións parece deducirse que nesta época suélica eran enterrados e so ficaba visible a tampa ou laude, namentras que nun período posterior os sartegos reciben decoración na caixa como se aprecia no chamada sepulcro de San Wintila (Punxín) onde a inscrición nos leva os finais do século IX, nas caixas de San Salvador das Rozas ou nos, lamentablemente perdidos, de Mandràs cunha roseta hexapetala no testeiro e unha roda destroxira nun lateral. Esta serie terà a súa continuación no tipo dos grandes sepulcros ou monumentos funerarios que nos séculos seguintes marcan unha distinción

⁸⁵ GUERRA CAMPOS. Excavaciones. cit. 2ª parte, sección IV e V, 443-482, esp. 446 e 473 e ss.

⁸⁶ Esa é a opinión xeral. Con todo, sobre a orixe e engarce dos sartegos cf. H. SCHLUNCK «Ein Sarkophag aus Dume im Museum in Braga», M. M., 9, 1968, 424-458, esp. 438 e ss. Así-mesmo ID. «Spätromische und germanische kunst in Galicien». Primeira Reunión Gallega de Estudos Clásicos (Santiago-Pontevedra, 2-4 julio 1979). Ponencias y comunicaciones. Santiago de Compostela, 1981, 277-317, esp. 281 ss.

social evidente⁸⁷.

As laudes non se cinguen ó tipo de estola anque éste resultase o máis chamativo e servise para caracterizar unha época. Con todo compre decir que o tema tivo unha longa vida, máis do que ven considerando, pois coñecemos algunhas datables no século X⁸⁸. Doutra banda debemos insistir na ricaz e variada decoración que mostran os sartegos e as laudes, mesmo as dalgunha das necrópolis consideradas «suévicas» como a de Tins, con temas xeométricos, cruces, etc., incluso «orantes» menos estilizados que os que segundo Chamoso están na orixe da propia estola como o dunha tampa de Ouvigo que ten asimesmo paralelos nunha peza de Pazó⁸⁹ e cunha cronoloxía, no noso xuicio semellante.

Outro grupo de laudes presenta como tema decorativo unha cruz equilàtera e patada, como unha cruz asturiana, inclusive nalgún caso con àstil ó xeito das cruces procesionais: Santiago, Augas Santas, coto de Astrés ou a curiosa pola súa inscrición de San Pedro do Viñao (Punxín)⁹⁰, cunha cronoloxía entre os séculos IX e XII, data da peza de Allariz⁹¹.

A tradición das laudes continua tamén na baixa idade media, pero cunha transformación de interés como son as tampas gremiais tan coñecidas como as de Noia, Pontevedra, Tui, Ribadavia e mesmo da Praza da Magdalena de Ourense⁹², que poideran ter un antecedente nas estranas figuras dalgunhas laudes de Tins⁹³.

Finalmente, dentro destas consideración, destacar a rareza das estelas funerarias, que se cinguen as discoideas de Castillóns con cruces gravadas, outra tamén discoidea de Mougàs e a figurada de san Pedro de Rebordàns⁹⁴.

O ritual é a inhumación e por regra xeral non aparecen nin ofrendas nin axuares, anque algúns aprecene como as cunchas dalgunhas tumbas compostelàns ou a ola ceràmica asociada à cabeceira dunha tumba de imbrices da Praza da Magdalena de Ourense⁹⁵. Resulta frecuente encontrar reutilizacións contínuas dos enterramentos, tanto sartegos como tumbas de laxes ou abertas

⁸⁷ Serie estudiada por M. CHAMOSO LAMAS, *Escultura funeraria en Galicia*, Ourense, 1979, e M. NUÑEZ RODRIGUEZ, *La idea de inmortalidad en la escultura gallega (La imagen funeraria del caballero, s. XIV-XV)*, Ourense, 1980.

⁸⁸ X. C. RIVAS FERNANDEZ, «Importante epitafio en tampa sepulcral del siglo X con mención del rey de Galicia D. Sancho Ordóñez», *BAur.*, XIV-XV, (1985-86), 59-70.

⁸⁹ X. C. RIVAS FERNANDEZ, «Un inédito e interesante vestigio de la iconografía visigótica en Galicia, precedente de la iglesia prerrománica de San Martiño de Pazó», *BAur.*, VI, (1976), 169-182.

⁹⁰ X. C. RIVAS FERNANDEZ, «Vestigios prerrománicos de algunos olvidados monasterios y eremitorios orensanos», *BAur.*, XI, (1981), 49-100.

⁹¹ Cfr. nota 28.

⁹² Cfr. nota 31.

⁹³ Cfr. nota 13.

⁹⁴ Cfr. notas 17 e 22.

⁹⁵ Cfr. nota 31.

na rocha, anque non coñecemos as razóns do feito que se ten explicado como se se tratase de nichos familiares⁹⁶. Tamén se pode destacar como nalgúns casos as tumbas infantís se sitúan no ousó do templo.

Por último compre advertir que a pesares da acidez dos chans é frecuente a recuperación dos osos, e practicamente hainos en totalas necrópolis consideradas, agás excepción. Dos análises realizados, sobre todo estudos do Dr. Carro Otero dedúcese a existencia dunha etnia meclada, destacando a presenza dalguns esqueletes atribuíbles o tipo racial alpino na Catedral compostelana⁹⁷.

OS MATERIAIS

A situación dos estudos sobre os materiais de época medieval é aínda insatisfactoria, pois xa sinalamos que as máis das veces non se dá descripción deles senon referencia da súa existencia. Os millor coñecidos son aqueles que polas súas características formais podense apreciar como obxectos artísticos, tanto se se trata de pezas de metal ou elementos en pedra, namentras os elementos da vida cotidiana apenas teñen merecido algunhas contribucións moi específicas. Con estes datos non pode resultar estrano que non teñamos series ben documentadas nin referencias precisas dende o punto de vista cronolóxico. Con todo e comoquer que tal como xa indicamos coidamos de interés reseñar os datos actualizados abordamos seguidamente unhas breves referencias daqueles que coñecemos.

Metais

A reactivación da miñeiría no NW Penínsular na tardarromanidade acadou tamén os primeiros tempos da Edade Media nunha forma singular xa que as explotacións auríferas galaicas parecen servir o material para as acuñacións monetarias suevo-visigóticas⁹⁸. Amáis desta manifestación, na primeira etapa, apenas podemos sinalar a existencia dalgunha pezas de orfebrería como os broches de Moraime, Boimorto e un pendente do Museo de Lugo⁹⁹. Tamén

⁹⁶ RIU, Apéndice, cit.

⁹⁷ J. CARRO OTERO, «Anatomía antropológica del pueblo gallego», Galicia Clínica, XIII, 6, Santiago. ID. s.v. ANTROPOLOGIA en Gran Enciclopedia Gallega. s.a.

⁹⁸ Cfr. sobre el tema W. REINHART, Historia del Reino Hispánico de los Suevos, Madrid, 1952. Con toda la bibliografía sobre el tema C. TORRES RODRIGUEZ, Galicia Sueva, La Coruña, 1977, destacando os traballos de MATEU LLOPIS e GIL FARRÉS. Máis recentemente X. BARRAL i ALTET...

⁹⁹ M. VASQUEZ SEIJAS, «Interesante broche de cinturón visigótico», BCPMLugo, VI, 176-177.; J. GUERRA MOSQUERA, «Algunos restos visigótico-maazárabes de la Provincia de

compre engadir as pezas de metal procedentes de Moraimo con paralelos en San Vicente do Grove e a xarriña e patena litúrxicas do Museo de Lugo, así como o bidente da Estrada, no Museo de Pontevedra.

Logo hai un enorme baleiro no tempo e somentes no século XI encontramos algúns obxectos metálicos asociados a enterramentos como algún bronce de aneis da necrópolis da Praza Maior de Allariz, ou de Francelos. Posteriores serán as chaves aparecidas en Ouvigo e Ribadavia, a píxide de Ouvigo con labor de esmalte. Sin unha fecha concreta contamos coas puntas de lanza de Aranga e Bretoña¹⁰⁰ e de cronoloxía nos lindes xa do mundo medieval co puñal morisco da Cova do Rei Cintolo¹⁰¹, e un estribo de Bretoña. Non son raras as cruces de metal esmaltadas do século XII e outras pezas de uso relixioso como cruces e incensarios xa góticos.

Vidro

Numéricamente os achados de pezas de vidro son aínda máis escasos que as de metal pero comprende sinalar a presenza nalgúns xacementos, como Moraimo ou no Pazo do Bispo de Ourense, de unha serie de vidros planos, circulares e co borde engrosado pola dobladura sobre si mesmo, que Chamoso considera poden ser platos litúrxicos¹⁰², aunque pola súa propia abundancia relativa resulta algo estrano, parecéndonos que poidera tratarse millor de vidros para fiestras. Nas excavacións da Catedral de Santiago apareceron algúns vidros que se consideraron pezas de importación¹⁰³.

Oso

A pesares do seu emprego documentado polas informacións escritas os restos conservados son escasos, pero pola súa natureza coidamos de interés reseñar a súa existencia. Trátase do remate de báculo e dos peites litúrxicos que están no chamado «Tesoro de San Rosendo» que procedente do mosteiro de Celanova se garda na Catedral de Ourense¹⁰⁴.

Lugo», BCPMLugo, IX, 17-24.; M. NUÑEZ RODRIGUEZ, «Las artes metálicas de la Galicia prerrománica», BCPMLugo, IX, 283-291.

¹⁰⁰ Materiais inéditos procedentes das excavacións de Chamoso Lamas.

¹⁰¹ J. TRAPERO PARDO, «De la Prehistoria Lucense. El puñal de la cueva del Rey Cintolo», BCPMLugo, II, 197-199.

¹⁰² Cfr. nota 20.

¹⁰³ GUERRA CAMPOS, Excavaciones, cit.

¹⁰⁴ M. CHAMOSO LAMAS, El Museo de la Catedral de Orense, Ourense, 1958.

Madeira

Anque non son tampouco moitos os úteis conservados deste material hai que reseñar algúns pertencentes a cachas de navalla, fragmentos de pratos e cuncas e, sobor de todo, algunhas caixas de reliquias¹⁰⁵ que nos sitúan ante o feito da madeira como elemento da vida cotidián dun xeito moi activo.

Pedra

Os materiais pétreos son do millor conservado e a súa análise estilística permite afinar unha maior aproximación cronolóxica para as pezas que son elementos constructivos, pero non consideramos agora estas pezas, senon aquelas que forman parte do utillaxe habitual. Nesta liña soio cabe destacar a existencia de unha serie de pezas pequenas, esquistos e pizarras, nas que se abriron cuños de formas xeometrizadas: rosetas, círculos, sogueados, etc., e que deben de servir para o repuxado de pequenas pezas metálicas. Compre destacar a súa presenza entre os fondos do Museo de Lugo — sen procedencia definida — e no Museo de Ourense.

Ceràmica

Sen dúbida é o material máis abundante, pero as dificultades de poder establecer series son moi grandes pois si cabe sinalar a súa presenza en todos os xacementos e mesmo en bó número doutros somentes prospectados, as descripcións son escasas. Recentemente elaboramos unha aproximación ó tema polo que non consideramos de interés repetir in extenso a presentación realizada¹⁰⁶, razón que nos leva a tentar unha visión por riba do tema.

As ceràmicas da primeira etapa presentan unha evidente continuidade con mundo tardorromano, son practicamente às mesmas, pero pronto a carón delas aparecen outras especies que retoman algúns motivos decorativos que xa coñeciamos do mundo castrexo pero moi simplificados.

Nos séculos IX ó XI podemos recoñecer tres grupos ceràmicos. Un constituído por ceràmicas de coloracións roxizas/acastañadas, feita a mán pero non rugosas polo acabado por espatula ou mesmo pulido. A única forma é unha «xarra/botella» do Monte Liboreiro e unha pàtena e caliz de San Pedro de

¹⁰⁵ Cfr. a título de exemplo B. PEREZ OUTEIRIÑO, «A ara de San Mamede de Urrós», BAur., IX, (1979), 295-300.

¹⁰⁶ J. SUAREZ, F. FARIÑA y R. GIMENO, «La ceràmica altomedieval en Galicia». En prensa.

Visma (Coruña). O segundo, pouco definido polo de agora, é semellante ó anterior, pero a cor das pastas é gris con diversas tonalidades; non existen formas completas nin decoradas. O terceiro e último grupo, que está representado por pezas do Castelo de Mós, Pena Goia, tamén recoñecible en Liboreiro e «abrigos» do Morrazo; nas formas dominan as oliñas de borde exvasado con labio plano vertical ou oblicuo, pero tamén hai xerras e xarriñas. Decorativamente predominan as impresións de dedos e unhas sobre o borde ou cordons aplicados; hai tamén peiteados e tamén incisións de liñas continuas e onduladas.

A partires do século XI, anque sen moita precisión de detalle, evidenciase na ceràmica galega un notorio cambio na súa aparencia externa e incluso tecno-formal, marcado pola presenza de producións de cor gris, con matices pero nas que domina o gris perla, que van a agalvanizar a ceràmica galega até o século XIII e unha forte implantación cara ó futuro. Trátase de ceràmica feita con lume reductor, anque irregular, con deficiencias no modelado, que parece feito a man e regularizado con torno logo. Formalmente encontramos unha meirande variedade formal, con fondos planos e corpos globulares, anque hai tamén algunhas formas abertas como se se tratase de fontes. No grupo das xarras/xerras continúan con corpo globular, pero con boca pinzada e pico vertedeiro. Hai tamén abondosas formas perforadas, coladores o queixeiras, do mesmo que algunhas tapadeiras recoñecible na súa decoración de ondas e o típico botón de asir central. As decoracións, anque máis variadas na súa combinación segue a ser corta nos temas e formas; emporiso aparecen agora unha serie de materiais con pintura bermella aplicada sobre a pasta gris e por veces con pintura branca por riba.

Para o mundo baixomedieval, peor coñecido, citar a continuidade das ceràmicas grises, que neste momento acadan a súa millor calidade, a aparición de producións a lume oxidante aínda sen definir, e a presenza progresivamente notoria das louzas vidriadas, cuns primeiros exemplos de orixe andalusí na etapa anterior e continuidade agora con importación de louza nazarí e especialmente mudejar (cecais ó final do medievo aparezan os primeiros vedríos locais).

DEBATE

Fermín Perez Losada — Queria fazer uma série de três perguntas, tanto ao Prof. Ferreira de Almeida como aos Dr.^{os} Fariña e Suarez Otero. A primeira refere-se à base do povoamento da Alta Idade Média e da chamada Antiguidade Tardia, ou seja, a época germânica, época suévica, no que toca à organização do espaço, tipologia dos povoados, ocupação dos território. Tem como base por um lado o povoamento de tipo castrejo, evidentemente aqueles castros romanizados que sobrevivem durante a época romana ou aqueles que foram reocupados, pelo menos os que foram reocupados no séc. IV e de que parece haver bastantes — isso por um lado. Por outro, o povoamento, vamos chamar-lhe estritamente romano, e neste aspecto estou-me referindo às *villae*, por um lado, aos casais, inclusivamente aos *vici*, esse tipo de povoamento de criação estritamente romana, e por último o contributo especificamente medieval. A minha pergunta é: seria possível quantificar — isso é difícil — mas, pelo menos, discernir no povoamento alto-medieval do NW, que elementos provêm do povoamento castrejo romanizado, que elementos do povoamento estritamente romano, e que elementos são de criação especificamente medieval? Se não quantificar, pelo menos tentar dizer qual é desses três factores o que mais influi no povoamento medieval. A segunda pergunta diz respeito à palavra *villa*. Como bem sabem, *villa* em época romana serve para designar uma casa de campo, com dupla função, ou seja, uma função habitacional onde vive o *dominus* e uma função de tipo agro-pecuário, ou seja, uma granja. Mas esta palavra na época medieval não tem esse significado, quer dizer simplesmente uma aldeia, um agrupamento de casas rurais. Seria possível saber quando se produz essa mutação de significado? Por ex., em todos os documentos famosos (estou-me a lembrar do documento do bispo D. Ario, de Lugo, salvo erro datado do séc. VII, e em toda uma série de documentos publicados nos *Diplomata et Chartae* e estudados por Alberto Sampaio na sua famosa tese sobre as *villae* no Norte de Portugal), quando falam nessas *villae* «per sus terminus antiquus», vocês interpretam essa palavra, utilizada nesse contexto, já com o significado medieval, como uma aldeia, ou crêem que nesse momento ainda se está a falar de *villa* com o significado estritamente romano? A terceira pergunta tem que ver com a questão do cristianismo. Quero saber se estão de acordo com as teorias tradicionais — por ex., há um artigo de Blanco Freijeiro que fala disto — em que a implantação do cristianismo, dos primeiros cristãos na zona do Noroeste hispânico, se faz «à revelia» das *villae* romanas e, de acordo com

a teoria do eremitismo, através da instalação de indivíduos em locais isolados, ou antes, como outra corrente parece indicar, a extensão do cristianismo faz-se preferentemente pela cristianização dos castros, daqueles evidentemente que tinham ainda vida na época romana, como parecem indicar certos estudos que incidem sobre a cristianização dos castros, a implantação de ermidas na parte superior, etc.

José Suarez Otero — Respondendo à primeira pergunta: dado que me concentrei mais no que era programatização, do que na descrição de certos factos, posso não ter deixado claro que quando falávamos desses problemas (de ocupações, etc.) estávamos a referir-nos a um possível habitat dos tempos do imediato início da Idade Média, que não têm nada que ver com os povoados alto-medievais. Neste momento, com os dados que temos, constatamos que uma realidade não tem nada a ver com a outra. Em princípio parece haver uma ruptura importante na implantação do povoamento no séc. VIII, embora haja variações regionais. Entre outras coisas, não entendemos que a *villa* alto-medieval seja uma aldeia, mas um território. Apesar da confusão a que se presta a documentação, parece que as referências constantes a elementos adicionais, inclusivamente elementos de espaços de aproveitamento, faz pensar que a *villa* é mais um território do que uma aldeia, a qual estaria mais ligada à ideia de casal e outros termos desse tipo. No que se refere exclusivamente — estou a falar em relação à Alta Idade Média em sentido estrito, ou mudança de milénio, sécs. XI, X inclusivamente séc. IX — ao registo arqueológico, que foi o que visámos aqui, a realidade tipo ocupacional desse momento tem muito pouco ou nada que ver com a de um momento anterior. Salvo nos casos que citei antes, omde há um aproveitamento de um mesmo lugar por duas realidades distintas, como seja uma ocupação por um núcleo de camponeses ou por um senhor em época romana e depois na Alta Idade Média. Afirmei que evidentemente essas são duas realidades materiais distintas, mas que podem ter por detrás uma explicação que não solucione especificamente essa recorrência. Há uma grande diferença arqueológica, na realidade física da ocupação, entre os dois mundos.

Carlos Alberto Ferreira de Almeida — De entre as três grandes questões que colocou, eu tenho, no território português, algumas achegas. De resto, para se responder às suas perguntas é preciso investigar e certamente os nossos netos ainda terão coisas para descobrir. Quanto à evolução do povoamento romano-alti-medieval, há efectivamente falta de escavações. Devemo-nos ater a um documento que já tive a necessidade de estudar, o Paroquial Suévico, e que não tem sido muito aproveitado para estas fases. O Paroquial Suévico, mais ou menos datável à volta de 580, dá para a diocese do Porto 25 igrejas (não paróquias — o documento chama-se Paroquial mas creio que está mal intitulado) matrizes, com pia baptismal, certamente chefiadas por um presbítero,

tendencialmente até por um bispo. Destas 25 igrejas, 7 estão, como diz o documento, «*in pago*», num terreno agrícola de povoamento disperso, e as 18 restantes estão «*in vicino*», estão em *vicus*. Curiosamente alguns destes *vicus* (caso de «Villa Gomedei», caso por ex. de Meinedo) foram na época romana, segundo tudo indica, vilas, meras vilas. Portanto suponho que há certamente uma redução nas cidades, mas há certamente um certo desenvolvimento de povoados, dos *vici* que, como diz Isidoro de Sevilha — são aglomerados arruados sem defesa. Suponho que possa ter havido um certo desenvolvimento deste tipo de povoado depois da queda do império romano. Acerca das vilas, recordou Alberto Sampaio; pois recordêmo-lo. Ele colocou as vilas medievais como tema nuclear de investigação, ao qual nunca mais se voltou a sério. São problemas que nos afectam ainda hoje. Alberto Sampaio resolveu a questão baseado num livro clássico da jurisprudência romana e na documentação do tempo. Resolveu mal, mas foi um grande homem, que colocou, como disse, esse problema fulcral no centro de um livro de investigação. Creio que entre a vila romana, a da primeira reconquista e a vila do séc. XII há enormes diferenças. Concretamente conhecemos da documentação dos princípios do séc. X duas vilas, vilas «*ecclesias*», mormente uma, que é sumamente importante, a do documento nº13 dos *Diplomata et Chartae*, de 906. Nós podemos localizar perfeitamente esta vila, ocupando todo um pequeno vale do rio Covo, mais ou menos com 5 km. por 4. Portanto, talvez uns 2.000 ha. de terra. Esta *vila-eclesia* de Santa Eulália, de 906, com igreja na parte mais alta, vai ter 7 *ecclesias* nos fins do séc. XI, princípios do séc. XII, segundo Avelino de Jesus da Costa, e vai formar 5 paróquias modernas. Contudo, a partir daí, por ex. em Canedo, temos documentado no séc. XII o lugar de Vilares (vilar, vilal, o terreno da vila), em que vila significa casa, um casal, um lugar de aldeia, há efectivamente uma redução cada vez maior e uma polissemia da palavra. Mas a documentação que nós temos para Portugal do séc. X — para rio Covo e para S. João de Ver («*dão à vila*») — da reconquista, certamente uma coisa própria do Norte de Portugal, um terreno que foi ermado, uma terra que sofreu ermamento maior ou menor conforme as regiões e, num grau discutível, a vila foi cada vez mais, à medida que a Idade Média foi avançando, reduzindo o seu espaço. No séc. XII, a palavra começa a significar também um aglomerado tendencialmente arruado. Quanto ao cristianismo, eu suponho que é mais um fenómeno das elites, mais relacionado com os latifúndios, a partir do séc. V. É um fenómeno de clientelismo. Converte-se o senhor e todos os seus clientes, toda a pessoa se converte. É a minha ideia, e não há dúvida nenhuma disso, a partir dos fins do séc. IV, princípios do séc. V.

Francisco Fariña Busto — Em relação ao cristianismo penso que os estudos de referência para o âmbito galego são os de Diaz e Diaz que repetidamente retomou o tema da origem, introdução e das tradições de santos, ou das tradições literárias e dos restos arqueológicos antes utilizados na definição da

introdução do cristianismo. Parece-me que qualquer pessoa que entre nesse tema deveria ir na linha desse autor, com artigos publicados desde o Colóquio Milenário de Lugo em diante, e nos últimos anos dentro do programa universitário de investigação «Galiza antes de 1.500», de que têm saído no «Compostelano» uns 20 trabalhos nessa mesma linha. Em relação às vilas há também que recordar que a definição de vila romana resulta de um acordo de investigação obtido numa reunião em Londres em que se acordou chamar «vila» a um conceito relativo a uma realidade edificada, com uns determinados tipos de pavimentos, mosaicos e com uns âmbitos de expressão concretos e consequentemente poderíamos ir por aí também. De qualquer modo, na esteira do contributo de Alberto Sampaio, com umas visões completamente distintas mas manejando toda a documentação dos cartulários de Celanova, temos os estudos de Ruben, Garcia Alva (há dois livros sobre a Galiza e os galegos na Idade Média que recolhem e sintetizam todos os estudos que ele tem publicado nas revistas de especialidade sobre o problema da vila, da quinta, etc.). São contributos para a definição do que é um lugar, do que é um território. A informação sobre um dos povoados do séc. X, que é a «vila vildualbi», inclui uma descrição de entidades correspondentes a tipos de propriedade diferentes, e marca a conceptualização de um território definido, e a definição é por «terminus antiquus», o que significa que equivale a uma territorialização senhorial (ou pré-feudal, de que se tem falado muitas vezes a partir do séc. III)...

C.A.F.A. — Eu suponho mesmo que para o Noroeste, em vez da vila romana — nesta época da Alta Idade Média e mesmo na época romana — sobre a qual temos o conceito de um território extenso, contínuo, valesse mais o conceito de *fundus* («fundus cantabrianus», etc.) — e o Paroquial Suévico é um bom testemunho disso, embora cite algumas vilas. O *fundus* certamente não equivale a esse conceito de «vila», de território contínuo. Mas há que ver realmente isso, porque o Paroquial Suévico cita diversos *fundus* que deram origem a paróquias suélicas.

F.F.B. — Finalmente, pela minha parte, vou ultimar a minha intervenção. Quanto a quantificar, estamos quantificando realmente misérias; com os dados que temos, fazer estatísticas não serviria para nada. É que nos estamos a referir, não estritamente a aspectos de povoado alto-medieval definido, mas a materiais com uma cronologia atribuída ao mundo dos sécs. VI-VII aparecidos noutros meios arqueológicos melhor definidos, e que aqui não se articulam com elementos concretos. Dou um exemplo muito evidente: as escavações de Chamoso em Bretoña, em San Martín de Mondoñedo, evidenciaram uma realidade arqueológica muito precisa. Além das sepulturas das necrópoles que estão por cima de uma estrutura anterior, aparece uma outra estrutura que Chamoso considera «mosteiro máximo», mas o único dado que temos sobre um

«mosteiro máximo» é o facto de que um bispo de um «mosteiro máximo» aparece a assinar num concílio de Lugo no ano de 599. Quantificar? Pois estamos a dizer que há 3 fragmentos de não sei que tipo de materiais que apareceram no castro de Fiães, outros que apareceram em Lugo e outros que apareceram em Viladonga. Estamos a manejar indícios de povoamento. E procuramos aproximar-nos de uma realidade interpretativa do território a partir desses indícios. Portanto, a quantificação pode ser uma teoria muito divertida mas não é mais do que construir na água.

Víctor Polo Sánchez — Podemos assinalar diferenças entre a Arqueologia medieval do Norte de Portugal e a da Galiza? Não vem isto corroborar o que disse o Presidente do nosso Colóquio, Doutor Vítor, no sentido de que se devia unir os estudos de portugueses e espanhóis em Arqueologia? Não há diferenças?...

F.F.B. — Portugal é uma realidade política a partir de Afonso Henriques, no séc. XII. Estamos a falar de uma realidade operativa unitária bastante mais clara anteriormente. Quer dizer, há diferenças, estamos na mesma linha do que se dizia antes quando se falava de castrejo. Há indubitavelmente diferenças — de materiais, de relação topográfica das estações com a paisagem agrária, etc. Não é crer num determinismo geográfico, mas há respostas a condições concretas que dão morfologias distintas, ainda que possam corresponder a afirmações e ideias concretas e operativas a nível geral.

F.L.P. — Serei muito breve. Referi-me ao artigo de Blanco Freijeiro sobre cristianismo, apresentado num Colóquio sobre Prisciliano. Sei que quantificar é muito mais difícil, mas queria perguntar se se pode dizer que o povoamento alto-medieval e da Antiguidade Tardia, época germânica, tem continuidade em relação à época romana, ou há um hiato claro, uma ruptura? Há uma criação estritamente medieval ou continuidade com a época romana?

C.A.F.A. — Tudo indica que, culturalmente, em termos de habitat, a Alta Idade Média, no seu primeiro período, visigótico e suévico, é em tudo uma perduração e uma evolução em relação à época tardo-romana. Isso aparece ao nível da cerâmica, e em tudo. É a minha ideia.

J.S.O. — Simplesmente diria que a partir daí a ruptura também parece clara. As possíveis coincidências ou convergências que pode haver em aspectos determinados não implicam que se possam identificar ou correlacionar ambos os povoamentos. Estou a falar a partir do séc. VIII em diante.

C.A.F.A. — E eu diria mais: os testemunhos suévicos nórdicos, merovíngicos, aparecem sobre jazidas que também dão coisas locais e tardo-romanas. Quer em Cerveira, quer na Facha, quer em Fiães.